

S.A. DE XESTIÓN DO
PLAN XACOBEO

CONTAS ANUAIS
E
INFORME DE XESTIÓN

EXERCICIO 2020

ÍNDICE CONTAS ANUAIS

- I. Balance de Situación
- II. Conta de Perdas e Ganancias
- III. Estado de Cambios no Patrimonio Neto
- IV. Estado de Fluxos de Efectivo
- V. Memoria
- VI. Informe de Xestión

EXERCICIO 2020

I. BALANCE DE SITUACIÓN

EXERCICIO 2020

BALANCE Ó PECHE DO EXERCICIO 2020

ACTIVO	NOTAS	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
A) ACTIVO NON CORRENTE		42.549.433,69	44.191.359,63
I. Inmobilizado intanxible.	V	0,00	0,00
3. Patentes, licencias, marcas e similares.		0,00	0,00
II. Inmobilizado material.	VI	41.126.436,40	42.714.402,30
1. Terreos e construcións.		37.199.638,97	38.486.123,44
2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material.		2.730.541,99	2.919.129,36
3. Inmobilizado en curso e anticipos.		1.196.255,44	1.309.149,50
III. Inversións inmobiliarias	VII	1.422.997,29	1.476.957,33
2. Construcións.		1.422.997,29	1.476.957,33
B) ACTIVO CORRENTE		1.592.248,98	3.323.778,11
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.		702.741,35	3.039.748,59
1. Clientes por vendas e prestación de servizos.	VIII-1	14.391,05	42.216,91
5. Activos por imposto corrente.	XIII-1	9.680,33	10.760,85
6. Outros créditos coas Administracións Públicas.	XIII-1	678.669,97	2.986.770,83
V. Inversións financeiras a curto prazo.	VIII-1	3.305,57	5.185,98
5. Outros activos financeiros.		3.305,57	5.185,98
VI. Periodizacións a curto prazo.	IX	35.868,79	35.335,51
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	VIII-6	850.333,27	243.508,03
1. Tesourería.		850.333,27	243.508,03
TOTAL ACTIVO (A+B)		44.141.682,67	47.515.137,74

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
A) PATRIMONIO NETO		32.158.563,53	33.431.945,13
A-1) Fondos propios.	X	1.489.356,87	1.531.294,02
I. Capital.		601.012,10	601.012,10
1. Capital escriturado.		601.012,10	601.012,10
III. Reservas.		897.885,26	906.385,26
1. Legal e estatutarias.		120.202,42	120.202,42
2. Outras reservas.		777.682,84	786.182,84
VII. Resultado do exercicio.	III	(9.540,49)	23.896,66
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	XI-1	30.669.206,66	31.900.651,11
B) PASIVO NON CORRENTE		11.100.839,73	11.560.773,24
I. Provisións a longo prazo.	XII-1	877.770,88	927.222,90
4. Outras provisións.		877.770,88	927.222,90
IV. Pasivos por imposto diferido.	XIII-5	10.223.068,85	10.633.550,34
C) PASIVO CORRENTE		882.279,41	2.522.419,37
III. Débedas a curto prazo.	VIII-2	33.379,98	1.654.402,35
5. Outros pasivos financeiros.		33.379,98	1.654.402,35
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		848.899,43	868.017,02
3. Acredores varios.	VIII-2	569.881,15	792.605,23
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago).	VIII-2	0,00	383,36
6. Outras débedas coas Administracións Públicas.	XIII-1	61.167,38	75.028,43
7. Anticipos de clientes.	VIII-2	217.850,90	0,00
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		44.141.682,67	47.515.137,74

As Notas I-XVII descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do balance do exercicio 2020

II. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

EXERCICIO 2020

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS
CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO O 31/12/2020

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	NOTAS	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
1. Importe neto de cifra de negocios.	XVI-1	191.465,47	1.713.757,00
a) Ventas.		0,00	0,00
b) Prestación de servizos.		191.465,47	1.713.757,00
5. Outros ingresos de explotación.	XVI-2	4.227.113,36	3.162.489,61
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente.		27.113,36	52.113,61
b) Subvencións de explotación incorporadas ó resultado do exercicio.	XI-2	4.200.000,00	3.110.376,00
6. Gastos de persoal.	XVI-3	(802.722,81)	(778.571,63)
a) Soldos, salarios e asimilados.		(619.327,11)	(595.909,09)
b) Cargas sociais.		(183.395,70)	(182.662,54)
7. Outros gastos de explotación.	XVI-4	(3.718.554,11)	(4.187.212,04)
a) Servizos exteriores.		(3.621.825,92)	(4.080.036,82)
b) Tributos.		(96.728,19)	(107.175,22)
8. Amortización do inmovilizado.	V, VI, VII	(1.261.297,36)	(1.257.786,00)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.	XI-1	1.641.925,94	1.257.786,00
11. Deterioro e resultado por alleamento de inmovilizado.	VI-2	(380.628,59)	0,00
b) Resultados por alleamentos e outras.		(380.628,59)	0,00
13. Outros resultados.	XVI-5	104.389,70	126.599,23
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		1.691,60	37.062,17
14. Ingresos financeiros.	XVI-6	5.334,42	294,58
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros.		5.334,42	294,58
b2) En terceiros.		5.334,42	294,58
15. Gastos financeiros.	XVI-6	(16.566,51)	(13.460,09)
b) Por débedas con terceiros.		(16.566,51)	(13.460,09)
RESULTADO FINANCIERO		(11.232,09)	(13.165,51)
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		(9.540,49)	23.896,66
20. Imposto sobre beneficios.	XIII-2	0,00	0,00
RESULTADO DO EXERCICIO	III	(9.540,49)	23.896,66

As Notas I-XVII descritas na Memoria adxunta forman parte integrante da Conta de Perdas e Ganancias do exercicio 2020

III. ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

EXERCICIO 2020

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31/12/2020

A. ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS CORRESPONDIENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31/12/2020

	NOTAS	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
A) Resultado da conta de perdas e ganancias		-9.540,49	23.896,66
III. Subvencións, doazóns e legados recibidos.	XI	0,00	1.925.000,00
VII. Efecto impositivo.	XIII	0,00	-481.250,00
B) Total Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto		0,00	1.443.750,00
X. Subvencións, doazóns e legados recibidos.	XI	-1.641.925,94	-1.257.786,00
XIII. Efecto impositivo.	XIII	410.481,49	314.446,50
C) Total transferencias á conta de perdas e ganancias		-1.231.444,46	-943.339,49
TOTAL DE INGRESOS e GASTOS RECOÑECIDOS (A+B+C)		-1.240.984,95	524.307,17

As Notas I-XVII descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Cambios no Patrimonio Neto do exercicio 2020

B. ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO TERMINADO O 31/12/2020

	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Subvencións, doazóns e legados	TOTAL
A. SALDO FINAL DO ANO 2018	601.012,10	906.385,26	81.691,51	31.400.240,60	32.989.329,47
B. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2019	601.012,10	906.385,26	81.691,51	31.400.240,60	32.989.329,47
I. Total ingresos e gastos recoñecidos.	0,00	0,00	23.896,66	500.410,51	524.307,17
II. Total operacións con socios-dividendos.	0,00	0,00	-81.691,51	0,00	-81.691,51
C. SALDO FINAL DO ANO 2019	601.012,10	906.385,26	23.896,66	31.900.651,11	33.431.945,13
II. Axustes por erros 2019 e anteriores	0,00	-8.500,00	0,00	0,00	-8.500,00
D. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2020	601.012,10	897.885,26	23.896,66	31.900.651,11	33.423.445,13
I. Total ingresos e gastos recoñecidos.	0,00	0,00	-9.540,49	-1.231.444,46	-1.240.984,95
II. Total operacións con socios-dividendos.	0,00	0,00	-23.896,66	0,00	-23.896,66
E. SALDO FINAL DO ANO 2020	601.012,10	897.885,26	-9.540,49	30.669.206,66	32.158.563,53

As Notas I-XVII descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Cambios no Patrimonio Neto do exercicio 2020

IV. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

EXERCICIO 2020

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO
CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO O 31/12/2020

	NOTAS	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		600.609,61	-543.066,78
1. Resultado do exercicio antes de impostos		-9.540,49	23.896,66
2. Axustes do resultado.		-270.556,53	-198.185,79
a) Amortización do inmovilizado (+).	V a VI	1.261.297,36	1.257.786,00
b) Correccións valorativas por deterioro (+/-)	VIII-3	-114.135,46	0,00
c) Variación de provisións (+/-).	XII	-49.452,02	-75.091,14
d) Imputación de subvencións (-).	XI-1	-1.641.925,94	-1.257.786,00
e) Resultados por baixas e alleamentos del inmovilizado (+/-).	VI-1	380.628,59	0,00
g) Ingresos financeiros (-).	XVI-6	-5.334,42	-294,58
h) Gastos financeiros (+).	XVI-6	16.566,51	13.460,09
k) Outros ingresos e gastos	XVI-5	-118.201,15	-136.260,16
3. Cambios no capital corrente.		888.035,82	-371.969,10
b) Debedores e outras contas a cobrar (+/-).		797.985,55	-157.886,10
c) Outros activos correntes (+/-).		-533,28	-83,22
d) Acredores e outras contas a pagar (+/-).		90.583,55	-213.999,78
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación		-7.329,19	3.191,45
a) Pagos de xuros (+).		-16.566,51	-13.460,09
c) Cobros de xuros (+).		5.334,42	16.651,54
d) Cobros (pagos) por imposto sobre beneficios (+/-)		3.902,90	0,00
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN		-1.617.937,46	-277.626,16
6. Pagos por inversións		-1.619.817,87	-277.626,16
c) Inmovilizado material.		-1.619.817,87	-275.745,75
e) Outros activos financeiros.		0,00	-1.880,41
7. Cobros por desinversións		1.880,41	0,00
c) Inmovilizado material.		0,00	0,00
e) Outros activos financeiros		1.880,41	0,00
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		1.624.153,09	194.858,75
9. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro		1.649.254,25	275.745,76
e) Subvencións doazóns e legados recibidos.		1.649.254,25	275.745,76
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro		0,00	804,50
a) Emisión outras débedas.		0,00	804,50
b) Devolución e amortización		-1.204,50	0,00
11. Pagos por dividendos		-23.896,66	-81.691,51
a) Dividendos (-).		-23.896,66	-81.691,51
AUMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES		606.825,24	-625.834,19
Efectivo ou equivalentes ó comezo do exercicio.		243.508,03	869.342,22
Efectivo ou equivalentes ó peche do exercicio.		850.333,27	243.508,03

As Notas I-XVII descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Fluxos de Efectivo do exercicio 2020

V. MEMORIA

EXERCICIO 2020

MEMORIA

I-CONSTITUCIÓN, ACTIVIDADE E RÉXIME LEGAL DA SOCIEDADE

I. 1) DOMICILIO E FORMA LEGAL

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal constituíuse o 13 de novembro de 1991, e completou os requisitos necesarios para a súa válida constitución, o 10 de decembro dese mesmo ano, data da súa inscrición no Rexistro Mercantil.

O seu domicilio social está establecido na carretera de Santiago-Noia, km 3. A Barcia, C.P. 15897 en Santiago de Compostela.

A Sociedade está encadrada dentro da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e demais lexislación concordante.

I. 2) OBXETO SOCIAL E ACTIVIDADES A REALIZAR

Con data 11 de marzo de 2019, a Xunta Xeral, modificou o obxecto social da Sociedade, de xeito que á data de formulación das presentes Contas Anuais o obxecto da Sociedade e o seguinte:

1. Constitúe o obxecto da Sociedade a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues e do resto do seu patrimonio social, as relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago; así como a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e a organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos, así como apoiar os distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito (CNAE: 8411-Actividades xerais da Administración Pública).
2. En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:
 - a) A Xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.
 - b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade.
 - c) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeas, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.
 - d) A planificación, programación, proposta, e, se é o caso, execución, de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos.
 - e) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

Para o cumprimento do referido obxecto, a Sociedade comezou as súas operacións o día da súa constitución, dividindo a súa actividade en exercicios sociais que coinciden cos anos naturais.

I. 3) AUDITORÍA EXTERNA

A sociedade está obrigada a someter as contas anuais do exercicio 2020 a auditoría externa, segundo a Disposición Adicional Primeira da lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, ao cumprir os requisitos establecidos na Disposición Adicional Segunda "Auditoría de contas anuais das entidades receptoras de subvencións ou axudas con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas ou a fondos da Unión Europea" do Real Decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de Auditoría de Contas, que continua vixente mentres non contraveña a vixente lei de auditoría de contas. A sociedade tamén estivo obrigada a auditoría externa no exercicio precedente, encontrándose ámbolos dous exercicios auditados.

I. 4) OUTRA INFORMACIÓN

Réxime Legal: Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

A Entidade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no Art. 42 do Código de Comercio e nas Normas 13ª e 15ª da Terceira Parte do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade.

En relación á norma 15ª da Terceira Parte do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade, debemos indicar que a sociedade foi constituída por unha Administración Pública Autonómica, sendo por tanto, o seu único socio a Xunta de Galicia.

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e contingencias de natureza medioambiental que puideran ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma. Por iso, na presente memoria, non se inclúen análises específicas das contas anuais respecto á información de cuestións ambientais.

II- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

II. 1) IMAXE FIEL

Estas contas anuais formuláronse a partir dos rexistros contables da Sociedade de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Real Decreto 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e de acordo coa Orde EHA/733/2010 do 25 de marzo pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas, de xeito que amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos seus fluxos de efectivo.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron disposicións legais en materia contable.

Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais do exercicio 2020, formuladas o 30 de marzo de 2021, van ser aprobadas polo Accionista Único sen modificación algunha. Pola súa banda, as contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2019 foron aprobadas o 30 de xuño de 2020 polo Accionista Único, en prazo segundo o establecido nos artigos 40.3 e 40.5 do RDL 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 19/2020 de 26 de maio.

A Sociedade presenta o Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Fluxos de Efectivo e Memoria, seguindo o Modelo Normal, de forma voluntaria, en base ao establecido no artigo 254 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

II. 2) PRINCIPIOS CONTABLES NON OBRIGATORIOS APLICADOS

Para a elaboración destas contas anuais non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, os Administradores da Sociedade formularon estas Contas Anuais tendo en conta a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen efectos significativo nas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio deixe de aplicarse.

II. 3) RESPONSABILIDADE DA INFORMACIÓN E ESTIMACIÓNS REALIZADAS

A información incluída nestas contas anuais é responsabilidade dos Administradores da Sociedade.

Na elaboración destas contas anuais utilizáronse, ocasionalmente, estimacións para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos rexistrados nelas. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos intanxibles e materiais para uso propio. (Notas IV.1 e IV.2)
- Vida útil das inversións inmobiliarias. (Nota IV.2)
- Os activos e pasivos por imposto diferido, derivados das diferenzas temporarias. (Nota XIII)
- A avaliación dos activos financeiros para determinar a existencia de perdas por deterioro dos mesmos, en concreto en relación a clientes e debedores. (Nota VIII.3)
- Estimación de provisións e continxencias. (Nota XII)

A pesar de que estas estimacións se realizaron en función da mellor información dispoñible ó 31 de decembro de 2020, puidera ser que acontecementos que podan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en vindeiros exercicios, o que se faría, no seu caso, de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio da estimación nas contas de perdas e ganancias dos exercicios afectados.

II. 4) PRINCIPIO DA EMPRESA EN FUNCIONAMENTO

As contas anuais, así como os detalles e explicacións contidos na presente memoria, preséntanse sobre a base da continuidade ilimitada na xestión, neste sentido, con data 29 de xaneiro de 2021 aprobáronse os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Lei 3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, (DOGA 19 de 29 de xaneiro de 2021) dentro dos que figura o orzamento económico para o exercicio 2021 da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, (unipersoal), polo que se considera, que a actividade da sociedade continuará nun futuro previsible, de modo que a sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, tendo en consideración, a situación do exercicio 2020 e a situación actual do COVID-19, así como os seus posibles efectos sobre a economía en xeral e sobre a empresa en particular, non existindo ningún risco importante para a continuidade da actividade da entidade, que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Para elo a Sociedade tivo en consideración os seguintes aspectos:

- No ano 2020 produciuse un feito importante a nivel mundial, que foi a crisis sanitaria que provocou o comunmente coñecido como "coronavirus", declarándose con data 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma, polo citado motivo. Como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades, a Rede de Albergues, que

supón a principal fonte de ingresos propios da Sociedade, estivo pechada para o aloxamento dos peregrinos dende o citado 14 de marzo de 2020 ata o mes de xullo, no que se comezou a abrir unha parte pequena da Rede pública de forma desescalada, e con limitacións de aforo.

- Que si ben, durante o ano 2020 a Sociedade sufriu un importante descenso dos ingresos propios pola venda de bonos na Rede de Albergues, que supuxo aproximadamente un 88,83% respecto dos ingresos alcanzados no ano 2019, dito impacto económico foi absorbido polo socio único, con unha aportación extraordinaria para dito exercicio por importe de 1.200.000 euros, (ver nota XI.2) da memoria), que permitiu manter os postos de traballo, sen ter que acudir a ERTES nin a outras medias similares, e facer fronte a tódolos compromisos asumidos pola Entidade.
- Adicionalmente, e tendo en conta a evolución da pandemia, así como, as previsión de ingresos y gastos para o ano 2021, a Sociedade aprobou os presupostos para dito exercicio, considerando o efecto das medidas ou limitacións que as autoridades sanitarias decidan tomar para a contención da pandemia, polo que, se estima que no existe risco para a continuidade da actividades da empresa.

II. 5) AGRUPACIÓN DE PARTIDAS

Durante o exercicio, non se realizaron agrupacións de partidas nin no balance, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto ou no estado de fluxos de efectivo. Con todo, na medida en que foi significativo, incluíuse a información desagregada de partidas no balance e na conta de perdas e ganancias, nas correspondentes notas da memoria.

II. 6) ELEMENTOS RECOLLIDOS EN VARIAS PARTIDAS

Os elementos patrimoniais rexistrados en dous ou máis partidas do balance, indícanse noutros puntos da memoria cos seus correspondentes importes.

II. 7) COMPARACIÓN DE LA INFORMACIÓN

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto e do estado de fluxos de efectivo, ademais das cifras do exercicio 2020 as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2020 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio 2019.

II. 8) CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES

Durante o exercicio 2020 non se teñen producido cambios nos criterios contables con respecto ós aplicados no exercicio 2019.

II. 9) IMPORTANCIA RELATIVA

Ao determinar a información para desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros

ou outros asuntos, a sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tívose en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2020.

III-DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

III. 1) DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

O Administradores proporán ó Accionista Único a aprobación da distribución de resultados do exercicio 2020, que se indica a continuación. A distribución de resultados do exercicio rematado o 31 de decembro de 2019, foi aprobada polo Accionista Único o 30 de xuño de 2020.

Bases de reparto	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Beneficios do exercicio	-9.540,49	23.896,66
Distribución	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Reservas Voluntarias	-9.540,49	0,00
Dividendos	0,00	23.896,66

A sociedade non se atopa en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 5 do RDL 18/2020 de 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego, así como, polo RD 24/2020 de 26 de xuño, e RDL 30/2020 de 29 de setembro, polo que non existe limitación o reparto de dividendos.

A distribución de resultados cumpre cos requisitos e limitacións establecidas nos estatutos da Sociedade e na normativa legal vixente.

III. 2) LIMITACIÓNS Á DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

A sociedade está obrigada a destinar o 10% dos beneficios do exercicio á constitución da reserva legal, ata que esta alcance, polo menos, o 20% do capital social. Esta reserva, mentres non supere o límite do 20% do capital social, non é distribuíble aos accionistas. A sociedade xa ten dotada unha reserva legal que alcanza o mínimo establecido na normativa. (Ver Nota X, de Fondos Propios).

III. 3) DISTRIBUCIÓN DE DIVIDENDOS

No exercicio 2020 repartíronse dividendos por importe de 23.896,66 euros, procedentes do resultado do exercicio 2019, cuxa distribución foi aprobada polo Accionista Único o día 30 de xuño de 2020. No exercicio 2019 repartíronse dividendos por importe de 81.691,51 euros, procedentes do resultado do exercicio 2018, cuxa distribución foi aprobada polo Accionista Único o día 25 de xuño de 2019.

IV-NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración das súas contas anuais, de acordo coas establecidas no Plano Xeral de Contabilidade, foron:

IV. 1) INMOBILIZADO INTANXIBLE

Como norma xeral, os activos incluídos no inmovilizado intanxible valóranse polo seu prezo de adquisición ou seu custo de produción. Posteriormente, valóranse ó seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro experimentadas.

(1.1) Patentes, licencias, marcas y similares

Contabilízanse pola totalidade dos custos derivados da adquisición en firme dos dereitos correspondentes, incluíndo a súa inscrición no rexistro competente.

(1.2) Aplicacións informáticas

Preséntanse valoradas polo seu custo de adquisición ao provedor correspondente, ou ben polos custos de produción cando os elementos contabilizados son desenvolvidos pola propia Sociedade. Os custos de mantemento das aplicacións informáticas rexístranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

(1.3) Custos posteriores

Os custos posteriores nos que se incorra no inmovilizado intanxible rexístranse como gasto, agás que aumenten os beneficios económicos futuros esperados dos activos.

(1.4) Vida útil e Amortizacións

Os inmovilizados intanxibles son activos de vida útil definida e, por tanto, son obxecto de amortización sistemática no período durante o cal se prevé, razoablemente, que os beneficios económicos inherentes ao activo produzan rendementos para a empresa.

A Sociedade amortiza o inmovilizado intanxible seguindo o método lineal, aplicando porcentaxes de amortización anual calculadas en función dos anos de vida útil estimada dos respectivos bens, segundo o seguinte detalle:

	Vida útil	Porcentaxe de amortización
Marcas, patentes e licencias	4 e 5 anos	25% e 20%
Aplicacións informáticas	4 anos	25%

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización dos inmovilizados intanxibles no peche de cada exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos recoñécense, no seu caso, como un cambio de estimación, e son axustados de forma prospectiva.

Así mesmo, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos intanxibles para determinar se existen indicios de que ditos activos sufran unha perda por deterioración de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbese). No caso de que o

activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo, que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo. O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custo de venda e o valor en uso.

Os administradores consideran que o valor contable dos activos intanxibles non supera o valor recuperable dos mesmos, por esa razón, nin no exercicio 2019 nin no anterior, a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro do inmovilizado intanxible.

IV. 2) INMOBILIZADO MATERIAL

(2.1) Recoñecemento inicial e posterior

Inicialmente valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ate a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derriba, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares.

A Sociedade inclúe no custo do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte tamén do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigacións asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigacións dan lugar ao rexistro de provisiones.

A Sociedade non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo, que sexan significativos en relación ás contas anuais. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.

Posteriormente valórase ao seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioración que experimente.

No caso de terreos destinados a albergues obtidos por concesión estes rexístranse polo seu valor venal incrementado cos gastos do proxecto, estudo e os necesarios para a súa eficacia "erga omnes". Nestes casos nos que os activos adquirense a título gratuito, a contrapartida do valor venal atribuído ó inmovilizado recóllese dentro de patrimonio neto no epígrafe "Subvencións, doazóns e legados recibidos".

(2.2) Vida útil e amortizacións

A amortización dos elementos de inmovilizado material realízase distribuindo o seu importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil. Entendese por importe amortizable o custo de adquisición menos o seu valor residual. A Sociedade determina o gasto de amortización de xeito independente para cada compoñente que teña un custo significativo en relación o custo total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A Sociedade amortiza o inmovilizado material seguindo o método lineal, aplicando porcentaxes de amortización anual calculados en función dos anos da vida útil estimada dos respectivos bens, segundo o seguinte detalle:

	Vida útil	Porcentaxe de amortización
Construcións	De 50 a 10 anos	Entre 2% e 10%,
Instalacións	De 50 a 10 anos	Entre 2%, e 10%
Maquinaria	De 15 a 3 anos	Entre 7% e 30%
Utilaxe	De 12 a 7 anos	Entre 8% e 12%
Outras instalacións	De 50 a 3 anos	Entre 2% e 33%
Mobiliario	De 12 a 8 anos	Entre 8% e 12%
Equipos informáticos	De 10 a 4 anos	Entre 10% e 25%
Elementos de transporte	De 7 a 8 anos	16%
Outro inmovilizado	De 15 a 4 anos	Entre 7%, e 25%

No caso das construcións cedidas pola Administración Pública, a política da Sociedade é amortizalas de xeito lineal no prazo de 50 anos (vida útil das construcións enclavadas nelas), ou no prazo de vixencia da concesión, se fose menor.

Non se segue a práctica de dotar un fondo de reversión, posto que as concesións rexistradas estímense por período indefinido. Polo tanto non está prevista a reversión dos activos e, no seu caso, entregaríanse nas condicións nas que estivesen, sen incorrer en gastos adicionais por motivos de reversión.

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmovilizado material ao peche de cada exercicio ou sempre que existan indicios de perda de valor. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

(2.3) Custos posteriores

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Sociedade, cargaránse nas contas de gastos que correspondan. Deste xeito, os custos de mantemento do inmovilizado material, rexístranse na conta de resultados na medida que se vai incorrendo neles.

Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo.

No caso de renovacións do inmovilizado, a Sociedade aplica o estipulado no apartado Segundo.2.2 da Resolución de 1 de marzo de 2013 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se ditan normas de rexistro e valoración do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios. As renovacións recoñécense e valóranse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Capitalizarase, integrándose como maior valor do inmovilizado material, o importe das renovacións efectuadas de acordo co prezo de adquisición ou, no seu caso, co custo de produción, sempre que se cumpran as condicións para o seu recoñecemento establecidas na primeira parte do Plan Xeral de Contabilidade.
- b) Simultaneamente á operación anterior, darase de baixa o elemento substituído, a amortización acumulada e as perdas por deterioro de valor, rexistrándose, no seu caso, o correspondente resultado producido nesta operación, pola diferenza entre o valor contable resultante e o produto recuperado.
- c) Se a renovación afectase a unha parte dun inmovilizado cuxo valor en libros non poida identificarse claramente, o custo da renovación poderá tomarse como indicativo de cal era o custo do elemento que se substitúe.

(2.4) Deterioro de valor

Ao peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos materiais para determinar se existen indicios de que ditos activos sufran unha perda por deterioración de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbese). No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo, que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo. Cando o importe recuperable estimado sexa inferior ó valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioro con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ó seu importe recuperable.

Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioro ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable.

Os administradores consideran que o valor contable do inmovilizado material non supera o valor recuperable dos mesmos, por esa razón, nin no exercicio 2020 nin no anterior, a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro do inmovilizado material.

(2.5) Baixas

Os beneficios ou perdas xurdidos da venda ou retiro dun activo determínanse como a diferenza entre o seu valor neto contable e o seu prezo de venda, recoñecendo no epígrafe de "Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado" da conta de perdas e ganancias.

IV. 3) INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

O epígrafe investimentos inmobiliarios do balance de situación recolle, exclusivamente os valores de terreos, edificios e outras construcións que se manteñen ben, para explotalos en réxime de aluguer, ben para obter unha plusvalía na súa venda como consecuencia dos incrementos que se produzan no futuro nos seus respectivos prezos de mercado, salvo no caso en que o aluguer é expresión do cumprimento do obxecto social.

A 31 de decembro de 2019 as contas anuais rexistran neste epígrafe o importe neto correspondente o valor da construción do Pavillón de Galicia xunto coa súa amortización acumulada, pola formalización dun contrato de aluguer do inmovible, do cal se están obtendo rendementos por este concepto.

Estes activos valóranse de acordo cos criterios indicados na Nota IV.2, relativa ó inmovilizado material.

IV. 4) ARRENDAMENTOS

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfíren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

A Sociedade estuda o fondo económico dos contratos co obxecto de determinar a existencia de arrendamentos financeiros o operativos.

(4.1) Arrendamento financeiro

O 31 de decembro de 2020 e 2019 a Sociedade non ten formalizado ningún contrato de arrendamento financeiro.

(4.2) Arrendamento operativo

Os ingresos e gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse á conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devengan.

As cotas derivadas dos arrendamentos operativos, netas dos incentivos recibidos, recoñécense como gasto de xeito lineal durante o prazo de arrendamento, agás que sexa mais representativa outra base sistemática de reparto o recoller mellor o patrón temporal dos beneficios do arrendamento.

IV. 5) INSTRUMENTOS FINANCIEROS

A sociedade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Os instrumentos financeiros clasifícanse no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Sociedade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo as características e as intencións da Dirección no tempo do seu recoñecemento inicial.

(5.1) Activos financeiros

Os activos financeiros aos que resulta de aplicación a presente norma son os seguintes:

- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes: tesourería depositada na caixa da empresa, os depósitos bancarios á vista e os instrumentos financeiros que sexan convertibles en efectivo e que, no momento da súa adquisición, a súa vencemento non fose superior a tres meses, sempre que non exista risco significativo de cambios de valor e formen parte da política de xestión normal da tesourería da empresa.
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes;

Os activos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse nalguna das seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar: activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa, ou os que non tendo unha orixe comercial, non son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable e non se negocian nun mercado activo.

a) Valoración inicial

Os activos financeiros recolleitos na categoría anterior rexístranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles.

Os créditos por operacións comerciais e non comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, así como os anticipos e créditos ao persoal, as fianzas, os dividendos a cobrar e os desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio, cuxo importe espérase recibir no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

b) Valoración posterior

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valóranse polo seu custo amortizado, que equivale ao nominal naqueles casos nos que non existe un tipo de interese contractual ou os seus vencementos son inferiores a un ano.

Non obstante o anterior, os créditos con vencemento non superior a un ano que, de acordo cos disposto no apartado anterior, valórense inicialmente polo seu valor nominal, continuasen valorándose polo devandito importe salvo que se deterioraron.

c) Deterioro e baixa

Polo menos ao peche do exercicio, a Sociedade realiza un "test de deterioro" para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioración se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro desta deterioración contabilízase na conta de perdas e ganancias.

En particular, e respecto das correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas para cobrar, o criterio utilizado pola Sociedade para calcular as correspondentes correccións valorativas, é dotar a correspondente deterioración para aquelas facturas que ao peche do exercicio se atopen na situación de impagados.

A Sociedade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e transferíronse substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade. Pola contra, a Sociedade non dá de baixa os activos financeiros e reconece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesión de activos financeiros nas que se reteña substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, tales como o desconto de efectos, ou factoring con recurso.

(5.2) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros aos que resulta de aplicación a presente norma son os seguintes:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios.
- Débedas con entidades de crédito: débedas con entidades de crédito propiamente ditas e con acredores por arrendamento financeiro.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

Os pasivos financeiros orixinados como consecuencia de transferencia de activos nos que a empresa non ceda nin transfira substancialmente os seus riscos e beneficios valóranse da mesma maneira que o activo cedido.

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse nalguna das seguintes categorías:

- Débitos e partidas a pagar: pasivos financeiros orixinados na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

a) Valoración inicial

Os pasivos financeiros incluídos na categoría anterior valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos custos de transacción directamente atribuíbles.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior os débitos por operacións comerciais e non comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, cuxo importe espérase pagar no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

b) Valoración posterior

Os pasivos financeiros incluídos na categoría mencionada valóranse polo seu custo amortizado, que equivale ao nominal naqueles nos que non existe un tipo de interese contractual, ou son inferiores a un ano.

Non obstante o anterior, os débitos por operacións comerciais e non comerciais con vencemento non superior a un ano, que de acordo co disposto no apartado anterior, valórense inicialmente polo seu valor nominal, continuasen valorándose polo devandito importe.

c) Baixa

A sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

(5.3) Principios de compensación

Un activo financeiro e un pasivo financeiro son obxecto de compensación só cando a Sociedade ten o dereito esixible de compensar os importes recoñecidos e ten a intención de liquidar a cantidade neta ou de realizar o activo e cancelar o pasivo simultaneamente.

(5.4) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén se inclúen baixo este concepto outros investimentos a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan facilmente convertibles en importes determinados de efectivo e que teñan un risco insignificante de cambios de valor. Deste xeito se inclúen os investimentos con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.

(5.5) Instrumentos de patrimonio

Un instrumento de patrimonio representa unha participación residual no Patrimonio da Sociedade, unha vez deducidos todos os seus pasivos. Os instrumentos de capital emitidos pola Sociedade rexístranse no patrimonio neto polo importe recibido, neto dos gastos de emisión.

IV. 6) SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse dentro do patrimonio neto cando se obtén a concesión oficial das mesmas e se teñen cumprido as condicións para a súa concesión ou non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

Tendo en conta o establecido polo NPGC na súa norma de valoración 18 aplicable para as empresas pertencentes ao sector público que reciban subvencións, doazóns ou legados da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público ou xeral, e a Orde EHA/733/2010, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias, para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos a sociedade segue os criterios seguintes:

- Subvencións, doazóns e legados de capital non reintegrables: Valóranse polo valor razoable do importe ou o ben concedido, en función de se son de carácter monetario ou non, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto unha vez deducido o efecto impositivo, e imputándose a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no período para os elementos subvencionados ou, no seu caso, cando se produza o seu alleamento ou baixa en inventario dos mesmos.
- Subvencións de carácter reintegrable: Mentres teñen o carácter de reintegrables contabilízanse como pasivos.
- Subvencións de explotación:
 - Abónanse a resultados no momento en que se conceden excepto si se destinan a financiar déficit de explotación de exercicios futuros, nese caso imputaranse nos devanditos exercicios. Neste sentido, as subvencións outorgadas para asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar o déficit de explotación do exercicio ou de exercicios previos non asociada a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense como ingresos no epígrafe "Outros ingresos de explotación" da conta de perdas e ganancias.
 - Se se conceden para financiar gastos específicos, a imputación a ingresos realizarase no exercicio na medida en que se devenguen os gastos financiados. Neste sentido, as subvencións destinadas a

financiar aplicacións que dende un punto de vista público se consideran investimento (por exemplo, as obras en elementos non propios) pero que dende a ortodoxia contable se teñen que considerar gasto do exercicio, abónanse a resultados no exercicio en que se incorre dito gasto.

- As doazóns privadas puras e simples imputanse a ingresos do exercicio en que se producen.

IV. 7) PROVISIÓNS

Na formulación das contas anuais, os Administradores da Sociedade diferencian entre:

- Provisións: saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, nos que a súa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ó seu importe e/ou o momento de cancelación.
- Pasivos continxentes: obrigas posibles como consecuencia de sucesos pasados, nos que a súa materialización futura está condicionada a que aconteza, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

As contas anuais recollen todas as provisións significativas con respecto a que se estima que a probabilidade de que se teña que atender á obriga é maior có do contrario. Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, sino que se informa sobre os mesmos nas Notas da Memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

Os importes recoñecidos no balance de situación corresponden á mellor estimación á data de peche dos desembolsos necesarios para cancelar a obriga presente, unha vez considerados os riscos e incertidumes relacionados coa provisión e, cando resulte significativo, o efecto financeiro producido polo desconto, sempre que se poida determinar con fiabilidade os desembolsos que se van a efectuar en cada período. O tipo de desconto se determina antes de impostos, considerando o valor temporal do diñeiro, así como os riscos específicos que non teñen sido considerados nos fluxos futuros relacionados coa provisión.

As obrigas individuais valóranse polo desenlace individual que resulta máis probable. Se a obriga implica unha cantidade importante de partidas homoxéneas, esta se valora ponderando os desenlaces posibles polas súas probabilidades. Se existe un rango continuo de desenlaces posibles e cada punto do rango ten a mesma probabilidade que o resto, a obriga valorase polo importe medio.

O efecto financeiro das provisións recoñécese como gastos financeiros na conta de perdas e ganancias.

As provisións non inclúen o efecto fiscal, nin as ganancias esperadas polo alleamento ou abandono de activos.

As provisións revértense contra resultados cando, ó peche do exercicio, non é probable que exista unha saída de recursos para cancelar tal obriga.

IV. 8) INGRESOS E GASTOS

Os ingresos e gastos imputanse en función do criterio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

O recoñecemento dos ingresos por vendas prodúcese no momento en que se transfíren ó comprador os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do ben vendido, non mantendo a xestión corrente sobre o ben, nin retendo o control efectivo sobre o mesmo.

Non obstante, a Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse axiña que son coñecidos.

En canto ós ingresos por prestación de servizos, se recoñecen considerando o grado de realización da prestación á data do balance de situación, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade. No caso de prestacións de servizos das que o resultado final non pode ser estimado con fiabilidade, os ingresos só se recoñecen ata o límite dos gastos recoñecidos que sexan recuperables.

A Sociedade inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de interese contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos se recoñecen polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos, deducidos descontos e impostos.

Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, se rexistran como unha minoración dos mesmos. Os descontos concedidos ós clientes recoñécense no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

A Sociedade avalía periodicamente se algún contrato de prestación de servizos ten carácter oneroso e recoñece, no seu caso, as provisións necesarias de acordo cos criterios establecidos na Nota IV.7 "Provisións".

Certos gastos, que dende a perspectiva pública teñen consideración de investimentos por corresponderse con gastos de promoción que estenden a súa eficacia máis aló do peche do exercicio, e que son financiados polo tanto con subvencións de capital, son rexistrados pola Sociedade dentro da conta de perdas e ganancias por natureza, conforme os principios establecidos no Plano Xeral de Contabilidade, imputando, de xeito correlativo, integramente no exercicio no que se incorre nos mesmos o ingreso a distribuír que os financia. Non existen aplicacións desta natureza no exercicio 2020 ni no exercicio 2019.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

IV. 9) IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS

O imposto sobre beneficios comprende a parte relativa ao gasto ou ingreso polo imposto corrente e a parte correspondente ao gasto ou ingreso por imposto diferido.

O gasto ou ingreso por imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido, aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia ou perda fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén a pagar ou a recuperar no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Os activos e pasivos por imposto diferido valoraranse segundo os tipos de gravame esperados no momento da súa reversión, segundo a normativa que estea vixente ou aprobada e pendente de publicación na data de peche do exercicio, e de acordo coa forma en que racionalmente prevéxase recuperar ou pagar o activo ou o pasivo.

(9.1) Recoñecemento de Activos por impostos diferidos

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das diferenzas temporarias deducibles (darán lugar a menores cantidades a pagar ou maiores cantidades a devolver por impostos en exercicios futuros), de bases impositibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

De acordo que Resolución do 9 de febreiro de 2016, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se desenvolven as normas de rexistro, valoración e elaboración das contas anuais para a contabilización do Imposto sobre Beneficios, só se recoñecerán activos por imposto diferido na medida en que resulte probable que a empresa dispoña de ganancias fiscais futuras que permitan a aplicación destes activos. En todo caso considerárase que concorre esta circunstancia cando a lexislación fiscal contemple a posibilidade de conversión futura de activos por imposto diferido nun crédito esixible fronte á Administración tributaria, respecto dos activos susceptibles de conversión.

Con todo, dita resolución non considera probable que a empresa dispoña de ganancias fiscais futuras nos seguintes supostos:

- Cando se prevea que a súa recuperación futura vai producir nun prazo superior aos dez anos contados dende a data de peche do exercicio, á marxe de cal sexa a natureza do activo por imposto diferido.
- No caso de tratarse de créditos derivados de deducións e outras vantaxes fiscais pendentes de aplicar fiscalmente por insuficiencia de cota, cando producíndose a actividade ou obtido o rendemento que orixine o dereito á dedución ou bonificación, existan dúbidas razoables sobre o cumprimento dos requisitos para facelas efectivas.

Adicionalmente, en relación co dereito para compensar perdas fiscais seguiranse as seguintes regras:

- A obtención dun resultado de explotación negativo nun exercicio, non impide o recoñecemento dun activo por imposto diferido. Con todo, cando a empresa mostre un historial de perdas continuas, presumírase, salvo proba en contrario, que non é probable a obtención de ganancias que permitan compensar as citadas bases.
- Para poder recoñecer un activo debe ser probable que a empresa vaia a obter beneficios fiscais que permitan compensar as citadas bases impositible negativas nun prazo non superior ao previsto na lexislación fiscal, co límite máximo de dez anos contados dende a data de peche do exercicio, salvo proba de que será probable a súa recuperación nun prazo maior, naqueles casos nos que a lexislación tributaria permita compensar en prazos superiores ou non estableza un límite temporal para poder practicar a compensación.

De acordo ao exposto nos dous parágrafos anteriores, e en aplicación do Principio de Prudencia, a sociedade non contabilizou na conta de perdas e ganancias o imposto diferido por compensación da base impositible negativa xeradas no exercicio 2012, nin por deducións pendentes, xeradas na súa maior parte no exercicio 2004.

(9.2) Recoñecemento de Pasivos por impostos diferidos

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impositibles, salvo que a diferenza temporaria derívese do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de negocios doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

IV. 10) INDEMNIZACIÓNS POR DESPEDIMENTO

De acordo coa regulamentación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións aos empregados cos que baixo determinadas condicións rescinda as súas relacións laborais.

As indemnizacións por despedimento susceptibles de cuantificación razoable se rexistran como gasto no exercicio no que os Administradores deciden efectualos e se crea una expectativa válida fronte a terceiros sobre o despido.

O balance, que se achega, non inclúe provisión algunha por este concepto dado que os Administradores da Sociedade non esperan que se produzan despedimentos de importancia significativa no futuro.

IV. 11) CLASIFICACIÓN DE ACTIVOS E PASIVOS COMO CORRENTES

A Sociedade presenta o balance clasificando activos e pasivos entre corrente e non corrente. A estes efectos son activos ou pasivos correntes aqueles que cumpran os seguintes criterios:

- Os activos clasifícanse como correntes cando se espera realízalos ou se pretende vendelos ou consumilos no transcurso do ciclo normal da explotación da Sociedade, mantéñense fundamentalmente con fins de negociación, espérase realízalos dentro do período dos doce meses posteriores á data de peche ou se trata de efectivo ou outros activos líquidos equivalentes, excepto naqueles casos nos que non poidan ser intercambiados ou utilizados para cancelar un pasivo, polo menos dentro dos doce meses seguintes á data de peche.
- Os pasivos clasifícanse como correntes cando se espera liquidalos no ciclo normal da explotación da Sociedade, mantéñense fundamentalmente para a súa negociación, téñense que liquidar dentro do período de doce meses desde a data de peche ou a Sociedade non ten o dereito incondicional para aprazar a cancelación dos pasivos durante os doce meses seguintes á data de peche.

IV. 12) CRITERIOS EMPREGADOS EN TRANSACCIÓNS CON PARTES VINCULADAS

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se recollen na Norma 15ª de elaboración das contas anuais do Plan Xeral de Contabilidade. Neste sentido:

- Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se achen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.
- Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal e como se desenvolve detidamente na citada Norma 15ª de elaboración das contas anuais.
- Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como se detalla detidamente na Norma 15ª de elaboración das contas anuais.

As únicas operacións que, segundo o indicado anteriormente, poden considerarse como vinculadas, son as que a Sociedade realiza co seu único socio, a Xunta de Galicia, a prezos de mercado.

IV. 13) ACTIVIDADES DE CARÁCTER MEDIOAMBIENTAL

Os administradores da sociedade confirman, que dada a actividade da entidade e súa natureza, a Sociedade non ten responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados.

IV. 14) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

O estado de fluxos de efectivo recolle os movementos de tesourería realizados durante o exercicio, calculados polo método indirecto. Neste estado de fluxos de efectivo utilízanse as seguintes expresións no sentido que figura a continuación:

- Fluxos de efectivo: entradas e saídas de efectivo ou doutros medios equivalentes, entendendo por estes os investimentos a prazo inferior a tres meses de gran liquidez e baixo risco de alteracións no seu valor.
- Actividades de explotación: son as actividades que constitúen a principal fonte de ingresos ordinarios da Sociedade, así como outras actividades que non poidan ser cualificadas como de investimento ou financiamento.
- Actividades de investimento: as de adquisición, alleamento ou disposición por outros medios de activos a longo prazo e outros investimentos non incluídos no efectivo e os seus equivalentes.
- Actividades de financiamento: actividades que producen cambios no tamaño e composición do patrimonio neto e dos pasivos de carácter financeiro.

V-INMOBILIZADO INTANXIBLE

V. 1) CADRO DE MOVEMENTOS DO INMOBILIZADO INTANXIBLE

O detalle e os movementos nos exercicios 2020 e 2019 das partidas nas que se subdivide esta rúbrica do balance son:

2020	SALDO 01/01/2020	ADICIÓN	BAIXAS	SALDO 31/12/2020
PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL	6.682.054,38	0,00	0,00	6.682.054,38
APLICACIÓN	1.459.026,94	0,00	0,00	1.459.026,94
SUBTOTAL CUSTO	8.141.081,32	0,00	0,00	8.141.081,32
AMORTIZ.ACUM.PROP.IND.E INTELLECTUAL	-6.682.054,38	0,00	0,00	-6.682.054,38
AMORTIZ.ACUM.APLICACIÓN	-1.459.026,94	0,00	0,00	-1.459.026,94
SUBTOTAL AMORTIZACIÓN	-8.141.081,32	0,00	0,00	-8.141.081,32
VALOR NETO CONTABLE	0,00	0,00	0,00	0,00

2019	SALDO 01/01/2019	ADICIONS	BAIXAS	SALDO 31/12/2019
PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL	6.682.054,38	0,00	0,00	6.682.054,38
APLICACIONS INFORMATICAS	1.459.026,94	0,00	0,00	1.459.026,94
SUBTOTAL CUSTO	8.141.081,32	0,00	0,00	8.141.081,32
AMORTIZ.ACUM.PROP.IND.E INTELLECTUAL	-6.682.054,38	0,00	0,00	-6.682.054,38
AMORTIZ.ACUM.APLICACIONS INFORMAT.	-1.459.026,94	0,00	0,00	-1.459.026,94
SUBTOTAL AMORTIZACION	-8.141.081,32	0,00	0,00	-8.141.081,32
VALOR NETO CONTABLE	0,00	0,00	0,00	0,00

Non se teñen producido adicións nin baixas dentro desta rúbrica nos exercicios 2020 e 2019.

V. 2) OUTRA INFORMACIÓN SOBRE O INMOBILIZADO INTANXIBLE

- Dentro desta rúbrica do balance de situación ó 31 de decembro de 2020 e no exercicio anterior, existen elementos completamente amortizados por importe de:

ELEMENTOS TOTALMENTE AMORTIZADOS: INMOBILIZADO INTANXIBLE	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
PROP.INDUSTRIAL E INTELLECTUAL	6.682.054,38	6.682.054,38
APLICACIONS INFORMATICAS	1.459.026,94	1.459.026,94
TOTAL:	8.141.081,32	8.141.081,32

- A sociedade, ao peche do exercicio, non ten investimentos intanxibles fora do territorio español, agás os dereitos de propiedade industrial.
- Todo o inmovilizado intanxible da sociedade está afecto á súa actividade.
- Non se realizaron ningunha corrección valorativa dos bens de inmovilizado intanxible.
- A meirande parte do inmovilizado intanxible está financiado por subvencións.

V. 3) PROPIEDAD INDUSTRIAL

Na data de elaboración das presentes contas anuais, a situación dos distintos dereitos que se integran baixo a rúbrica correspondente do balance de situación, é como segue:

- As marcas que están en vigor durante o ano 2020 correspóndense coa Mascota Pelegrin (marca mixta) como marca nacional en 33 clases.
- Tamén continúan en vigor, as seguintes marcas mixtas "Rede de albergues do Camiño de Santiago" nas clases mais importantes.
- Así mesmo, é propiedade da Sociedade o modelo industrial da mascota.

V. 4) PROPIEDAD INTELECTUAL

Os principais dereitos desta natureza dos que é titular a Sociedade corresponden a dereitos de explotación de publicacións e materiais audiovisuais.

VI-INMOBILIZADO MATERIAL

VI. 1) CADRO DE MOVEMENTOS DO INMOBILIZADO MATERIAL

Os movementos durante o exercicio 2020 e 2019, nas distintas contas do inmovilizado material, e das súas correspondentes amortizacións acumuladas recóllense no seguinte cadro:

2020	SALDO 01/01/2020	ADICIÓN	BAIXAS	SALDO 31/12/2020
TERREOS	7.995.723,35	0,00	0,00	7.995.723,35
CONSTRUCCIÓN	52.038.977,89	0,00	-745.191,84	51.293.786,05
INST. TÉCNICAS, MAQUINARIA E UTILLAXE	442.904,12	0,00	0,00	442.904,12
OUTRAS INSTALACIÓN	2.596.552,46	0,00	-31.657,54	2.564.894,92
MOBLAXE	6.379.397,97	0,00	-50.349,50	6.329.048,47
EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN	1.415.249,25	0,00	0,00	1.415.249,25
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	46.234,43	0,00	0,00	46.234,43
OUTRO INMOBILIZADO	6.747.498,65	0,00	0,00	6.747.498,65
INMOBILIZADO EN CURSO	1.309.149,50	0,00	-112.894,05	1.196.255,45
SUBTOTAL CUSTO	78.971.687,62	0,00	-940.092,93	78.031.594,69
A.A. CONSTRUCCIÓN	-21.548.577,80	-1.018.749,95	477.457,31	-22.089.870,44
A.A. INST. TÉCNICAS, MAQ. E UTILLAXE	-396.197,55	-5.501,64	0,00	-401.699,19
A.A. OUTRAS INSTALACIÓN	-2.408.485,08	-44.602,51	31.657,54	-2.421.430,05
A.A. MOBLAXE	-5.967.217,45	-77.716,57	50.349,50	-5.994.584,52
A.A. EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN	-1.352.687,68	-15.797,01	0,00	-1.368.484,69
A.A. ELEMENTOS DE TRANSPORTE	-46.234,43	0,00	0,00	-46.234,43
A.A. OUTRO INMOBILIZADO	-4.537.885,32	-44.969,64	0,00	-4.582.854,96
SUBTOTAL AMORTIZACIÓN	-36.257.285,32	-1.207.337,32	559.464,35	-36.905.158,29
VALOR NETO CONTABLE	42.714.402,30	-1.207.337,32	-380.628,58	41.126.436,40

2019	SALDO 01/01/2019	ADICIÓN	BAIXAS	SALDO 31/12/2019
TERREOS	7.995.723,35	0,00	0,00	7.995.723,35
CONSTRUCCIÓN	50.614.078,55	1.424.899,34	0,00	52.038.977,89
INST. TÉCNICAS, MAQUINARIA E UTILLAXE	442.904,12	0,00	0,00	442.904,12
OUTRAS INSTALACIÓN	2.492.915,88	103.636,58	0,00	2.596.552,46
MOBLAXE	6.045.286,69	334.111,28	0,00	6.379.397,97
EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN	1.352.896,43	62.352,82	0,00	1.415.249,25
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	46.234,43	0,00	0,00	46.234,43
OUTRO INMOBILIZADO	6.747.498,65	0,00	0,00	6.747.498,65
INMOBILIZADO EN CURSO	1.309.149,50	0,00	0,00	1.309.149,50
SUBTOTAL CUSTO	77.046.687,60	1.925.000,02	0,00	78.971.687,62
A.A. CONSTRUCCIÓN	-20.549.432,12	-999.145,68	0,00	-21.548.577,80
A.A. INST. TÉCNICAS, MAQ. E UTILLAXE	-379.360,59	-16.836,96	0,00	-396.197,55
A.A. OUTRAS INSTALACIÓN	-2.356.764,00	-51.721,08	0,00	-2.408.485,08
A.A. MOBLAXE	-5.899.658,29	-67.559,16	0,00	-5.967.217,45
A.A. EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN	-1.352.436,52	-251,16	0,00	-1.352.687,68
A.A. ELEMENTOS DE TRANSPORTE	-46.234,43	0,00	0,00	-46.234,43
A.A. OUTRO INMOBILIZADO	-4.469.573,40	-68.311,92	0,00	-4.537.885,32
SUBTOTAL AMORTIZACIÓN	-35.053.459,36	-1.203.825,96	0,00	-36.257.285,32
VALOR NETO CONTABLE	41.993.228,24	721.174,06	0,00	42.714.402,30

Durante o exercicio 2020 no se teñen producido adicións, no inmovilizado material. No exercicio 2019, remataron as obras de acondicionamento e posta en marcha do "Complexo Monte do Gozo", que foron adxudicadas, dentro do concurso de explotación do Complexo, por un importe total de 1.925.000,00 euros.

No exercicio 2020 producíronse baixas de inmovilizado correspondentes a bens que deixaron de estar en uso, sendo a mais significativa a reversión do albergue de Ourense, por entrar en funcionamento as novas instalacións en Ourense, rehabilitadas pola Axencia de Turismo, así como, baixas de inmovilizado en curso para as cales non esta previsto o remate das inversións.

VI. 2) OUTRA INFORMACIÓN SOBRE O INMOBILIZADO MATERIAL

- Durante o exercicio 2020, procedeuse a baixa de elementos de inmovilizado material, producíndose no exercicio o seguinte resultado:

Clasificación	Prezo Adquisición	Amortización Acumulada	Beneficios obtidos	Perdas obtidas	Imputación subv.	Resultado neto
Construción	745.191,84	-477.457,31	0,00	267.734,53	267.734,53	0,00
Outras instalación	31.657,54	-31.657,54	0,00	0,00	0,00	0,00
Moblaxe	50.349,50	-50.349,50	0,00	0,00	0,00	0,00
Inmovilizado en curso	112.894,05	0	0,00	112.894,06	112.894,06	0,00
IMPORTE TOTAL:	940.092,93	-559.464,35	0,00	380.628,59	380.628,59	0,00

- Dentro desta rúbrica do balance de situación ó 31 de decembro de 2020 existen elementos completamente amortizados por importe de:

ELEMENTOS TOTALMENTE AMORTIZADOS:	EXERCICIO 2020	EXERCICIO 2019
CONSTRUCCIÓN	373.970,91	674.476,96
INST. TÉCNICAS, MAQUINARIA E UTILLAXE	338.194,75	309.652,23
OUTRAS INSTALACCIÓN	2.087.595,03	1.969.341,11
MOBLAXE	5.751.770,55	5.550.159,44
EQUIPOS PROC. INFORMACIÓN	1.352.896,44	1.351.707,16
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	46.234,43	46.234,43
OUTRO INMOBILIZADO	4.435.883,34	4.028.652,49
TOTAL	14.386.545,45	13.930.223,82

- A partida de terreos e construcións subdivídese da seguinte maneira:

CONCEPTOS	TERREOS		CONSTRUCCIÓN	
	SALDO 31/12/2020	SALDO 31/12/2019	SALDO 31/12/2020	SALDO 31/12/2019
MONTE DO GOZO	6.356.421,88	6.356.421,88	27.196.321,11	27.196.321,11
REDE DE ALBERGUES E OUTROS	1.639.301,47	1.639.301,47	24.097.464,94	24.842.656,78
TOTAL	7.995.723,35	7.995.723,35	51.293.786,05	52.038.977,89

- Circunstancias de carácter substantivo que afectan ós bens de inmovilizado material:

Os terreos e edificios dos que a Sociedade é titular, a maior parte están inscritos ao seu nome nos correspondentes Rexistros da Propiedade, agás o do Monte do Gozo, para o que o Concello de Santiago, en virtude do convenio asinado está realizando as xestións oportunas.

A Sociedade concedeulle, por un prazo de 25 anos prorrogábeis, o dereito á explotación dunha parte do Complexo do Monte do Gozo a un terceiro, mediante contrato formalizado no ano 1993. No ano 2015, tanto o adxudicatario como a Sociedade teñen rescindido o devandito contrato de xestión do complexo, recibindo a Sociedade a posesión do inmovible, nese mesmo exercicio. Con data 14 de marzo 2019, a Sociedade formalizou un novo contrato para a explotación do Complexo de Aloxamento do Parque Monte do Gozo polo

prazo de 15 anos, prorrogables por outros cinco. Nese mesmo exercicio 2019 a Sociedade rematou as inversións de acondicionamento e posta en marcha do citado Complexo, por un importe total de 1.925.000 euros.

Os bens de inmovilizado material que posúe a Sociedade están en uso, e as novas inversións realizadas no Complexo do Monte do Gozo (indicadas no parágrafo anterior), entraron en funcionamento no exercicio 2020.

Con data 13 de agosto de 2019 firmouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as condicións para a cesión de uso pola S.A. de Xestión á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista (ASPANAES) dun inmovible sito no Monte do Gozo, con destino a un servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con TEA. O prazo de cesión de uso, e de 33 anos dende a firma do documento, con posibilidade de prorroga por un prazo que non exceda da metade inicial, de permanecer las circunstancias de interese público. A fecha actual esta pendente de formalizarse o documento de cesión. O convenio formalizado ten vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

- Elementos de activo de inmovilizado cedidos. A sociedade dispón de varios albergues cedidos por diversas administracións públicas (xeralmente concellos) sobre os que a Sociedade dispón de un Dereito de uso e dispoñibilidade sen prazo de caducidade, pero afectados a condición de que se destinen a albergues de peregrinos.
- Durante os últimos exercicios as obras realizadas nos albergues propiedade da sociedade ou en réxime de cesión a mesma, son realizadas de forma directa pola Axencia de Turismo de Galicia. A data de formulación destas contas anuais, non se recolle no balance de situación adxunto a valoración de ditas obras realizadas sobre o inmovilizado material, estando pendente de recibir o documento formal da súa adscrición/cesión a sociedade, no que se recolla o seu valor neto contable.
- Ó 31 de decembro de 2020 a Sociedade non tiña compromisos de investimento.
- A Sociedade non é titular de activos de inmovilizado material fóra do territorio estatal, agás os dereitos de propiedade industrial indicados na nota anterior da memoria.
- Ningún ben da Sociedade está suxeito a embargo ou litixio sobre a propiedade, agás o sinalado na presente memoria.
- O conxunto de inmovilizado está suficientemente cuberto por pólizas de seguro, ben subscritas pola propia empresa, ben polos seus provedores e clientes, cando os activos se atopan en curso ou depositados a disposición da Sociedade. Os Administradores consideran que non existen por tanto déficits significativos de cobertura.
- A meirande parte do inmovilizado material está financiado por subvencións.
- Non se ten previsto, nin está en curso, proceso ningún de revalorización de activos.

VII-INVERSIÓNS INMOBILIARIAS

VII.1) CADRO DE MOVEMENTOS DE INVERSIÓN INMOBILIARIAS

Os movementos durante o exercicio 2020 e 2019, nas distintas nas que se subdivide esta rúbrica do balance, e das súas correspondentes amortizacións acumuladas recóllense no seguinte cadro:

2020	SALDO 01/01/2020	ADICIÓN	BAIXAS	SALDO 31/12/2020
CONSTRUCCIÓN	2.679.116,88	0,00	0,00	2.679.116,88
SUBTOTAL CUSTO	2.679.116,88	0,00	0,00	2.679.116,88
AMORTIZ.ACUM.CONSTRUCIONS	-1.202.159,55	-53.960,04	0,00	-1.256.119,59
SUBTOTAL AMORTIZACIÓN	-1.202.159,55	-53.960,04	0,00	-1.256.119,59
VALOR NETO CONTABLE	1.476.957,33	-53.960,04	0,00	1.422.997,29

2019	SALDO 01/01/2019	ADICIÓN	BAIXAS	SALDO 31/12/2019
CONSTRUCCIÓN	2.679.116,88	0,00	0,00	2.679.116,88
SUBTOTAL CUSTO	2.679.116,88	0,00	0,00	2.679.116,88
AMORTIZ.ACUM.CONSTRUCIONS	-1.148.199,51	-53.960,04	0,00	-1.202.159,55
SUBTOTAL AMORTIZACIÓN	-1.148.199,51	-53.960,04	0,00	-1.202.159,55
VALOR NETO CONTABLE	1.530.917,37	-53.960,04	0,00	1.476.957,33

Nin no exercicio 2020, nin no exercicio anterior, se rexistraron altas ou baixas de inversións inmobiliarias.

VII.2) OUTRA INFORMACIÓN SOBRE AS INVERSIÓN

- As construcións rexistradas neste epígrafe do balance correspóndense, coa valoración do inmo
- denominado "Pavillón de Galicia", e que durante o ano 2020 e 2019, estivo alugado, obténdose uns ingresos de 4.854,40 euros (4.800,00 euros, en 2019) os cales están rexistrados na conta de perdas e ganancias no epígrafe "Outros ingresos de explotación".
- Os terreos sobre o que se asenta a construción do "Pavillón de Galicia", foron cedidos polo Concello de Santiago para á instalación do que fora o Pavillón de Galicia na Expo 92.
- Dentro desta rúbrica do balance de situación existen elementos completamente amortizados por un importe de 16.444,92 euros (16.444,92 euros en 2019).

VIII.- INSTRUMENTOS FINANCIEROS

VIII. 1) CATEGORÍAS DE ACTIVOS FINANCIEROS

No seguinte cadro preséntase a información dos activos financeiros do balance de situación da Sociedade, clasificados por categorías. O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar ó 31 de decembro de 2020 e como segue:

Categorías	Clases	Activos Financieros a Largo prazo		Activos Financieros a Curto prazo		Total	
		Créditos, derivados e outros		Créditos, derivados e outros			
		2020	2019	2020	2019	2020	2019
Partidas a cobrar		0,00	0,00	14.391,05	42.216,91	14.391,05	42.216,91
TOTAL		0,00	0,00	14.391,05	42.216,91	14.391,05	42.216,91

Non se inclúen no cadro anterior, nin os saldos correspondentes ao efectivo, nin o importe de Facenda Pública Debedora. Os saldos debedores mantidos coa Facenda Pública Debedora non se consideran activos financeiros seguindo o criterio publicado na consulta nº 2 no BOICAC 87 de setembro de 2011.

VIII. 1) i. Activos financeiros a Longo Prazo:

O saldo do epígrafe de outros activos financeiros a longo prazo tanto no exercicio 2020 como no 2019 ascende a cero euros.

VIII. 1) ii. Activos financeiros a Curto Prazo:

- Debedores comerciais e outras contas a cobrar. O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar ó 31 de decembro de 2020 e 2019 e como segue:

	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Vinculadas	0,00	0,00
<i>Cientes-AGADIC</i>	74.156,83	74.156,83
<i>Deterioros</i>	-74.156,83	-74.156,83
Non vinculadas	14.391,05	42.216,91
<i>Cientes</i>	2.173.627,08	2.315.588,40
<i>Deterioros</i>	-2.159.236,03	-2.273.371,49
TOTAL:	14.391,05	42.216,91

No apartado de Cientes non hai ningún dato salientable respecto os datos de 2020, nin no exercicio anterior.

No apartado de Cientes recóllese, entre outros, un importe de 1.013.599,63 euros correspondente a débeda acumulada ata o exercicio 2016, pola entidade adxudicataria do servizo de limpeza e atención ao peregrino na Rede de Albergues. Derivado do incumprimento do contratista resolveuse o contrato, quedando pendente de cobro a citada cantidade, que se encontra totalmente deteriorada nas contas anuais. En xuño de 2017, formulouse demanda contra o mencionado adxudicatario para a reclamación da débeda contraída coa Sociedade, recaendo con data 24 de xuño de 2019 sentenza a favor da Sociedade sendo recorrida en apelación confirmando con data 25 de xuño de 2020 pola Audiencia Provincial a sentenza de primeira instancia, actualmente recorrida en casación. Dito litixio está baixo a dirección do Gabinete Xurídico da Xunta de Galicia.

A 31 de decembro de 2020, nin no exercicio anterior, non se tivo que realizar ningún tipo de deterioro adicional por operacións comerciais.

- Investimentos financeiros a curto prazo: O saldo do epígrafe de investimentos financeiros a curto prazo do balance de situación ó 31 de decembro de 2020 e 2019 correspóndese cos depósitos/fianzas normais do tráfico ordinario da Sociedade, e ascenden a . 3.305.57 euros (5.185,98 euros no 2019).

VIII. 1) iii. Clasificación por vencementos:

Para os activos financeiros da sociedade, non existe un vencemento determinado, aínda que os clasificados no activo corrente estímase que serán realizados no curto prazo.

VIII. 2) CATEGORÍAS DE PASIVOS FINANCIEROS

No seguinte cadro preséntase a información dos pasivos financeiros do balance de situación da Sociedade, clasificados por categorías:

Clases	Pasivos Financeiros a Longo prazo		Pasivos Financeiros a Curto prazo		Total	
	Créditos, derivados e outros		Créditos, derivados e outros			
Categorías	2020	2019	2020	2019	2020	2019
Débedas e partidas a pagar	0,00	0,00	821.112,03	2.447.390,94	821.112,03	2.447.390,94
TOTAL	0,00	0,00	821.112,03	1.166.104,32	821.112,03	2.447.390,94

Non se inclúen no cadro anterior os saldos acredores coa Facenda Pública por non considerarse pasivos financeiros, seguindo o criterio publicado na consulta nº 2 no BOICAC 87 de setembro de 2011.

VIII. 2) i. Outros pasivos financeiros

O saldo da partida "Outros pasivos financeiros" incrementouse durante o exercicio 2020, debido o rexistro da débeda pendente de pago a 31 de decembro ao adxudicatario das obras de acondicionamento do Complexo Monte Do Gozo, xunto coas fianzas e depósitos recibidos pola Sociedade dos seus provedores.

	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Provedores de inmovilizado	29.436,40	1.649.258,77
Fianzas	3.943,58	5.143,58
Total	33.379,98	1.654.402,35

VIII. 2) ii. Acredores comerciais e outras contas a pagar:

O detalle do epígrafe de acredores comerciais e outras contas a pagar, o peche do exercicio 2020 e 2019, é como segue:

	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Acredores	569.881,15	792.605,23
Persoal	0,00	383,36
Anticipo de clientes	217.850,90	0,00
Total	787.732,05	792.988,59

Con respecto os datos de 2020, o mais significativo a destacar respecto do exercicio 2019, corresponde a regularización de saldos antigos, de acordo co seguinte detalle:

- Acredores e provedores con unha antigüidade superior a 5 anos, correspondentes a cantidades que na súa meirande parte estaban pendentes de pago por falta de presentación de algún documento xustificativo, a pesares de habelo requirido ou solicitado en varias ocasións, non cumprindo por tanto coa obriga prevista nos contratos, considerándose no exixibles segundo os asesores xurídicos. O importe cancelado por este concepto ascende a 103.075,30 euros.
- Nos anos 2009 a 2013 rexistráronse gastos dos servizos recibidos seguindo o criterio do devengo, para os cales faltaba por recibir a correspondente factura, pero nunca se chegou a recibir, ou unha vez recibida non era conforme e tampouco foron reclamados os importes polos provedores, polo que, sen o

correspondente documento xustificativo, e tendo en conta o tempo transcorrido dende a data da contabilización, debe entenderse que a reclamación xa non é posible, cancelándose por este concepto un importe que ascende a 6.625,84 euros.

VIII. 2) iii. Clasificación por vencementos:

Todos os pasivos financeiros da sociedade están clasificados no "Pasivo Corrente", debido a que a sociedade estima que estes pasivos serán cancelados no curto prazo.

VIII. 3) CORRECCIÓN POR DETERIORO DE VALOR ORIXINADAS POLO RISCO DE CRÉDITO

A Sociedade considera un crédito como de dubidoso cobro e, correlativamente, procede a súa cobertura mediante a dotación da oportuna provisión por insolvencias, cando o debedor entra en mora. A análise do movemento das contas de deterioro orixinadas polo risco de crédito de activos financeiros valorados a custo amortizado é como segue:

Deterioro	Cientes Vinculadas	Cientes non Vinculadas	Total
Saldo o 1 de xaneiro de 2019	74.156,83	2.273.371,49	2.347.528,32
Reversións	0,00	0,00	0,00
Saldo o 31 de decembro de 2019	74.156,83	2.273.371,49	2.347.528,32
Saldo o 1 de xaneiro de 2020	74.156,83	2.273.371,49	2.347.528,32
Aplicación provisións deterioro	0,00	-114.135,46	-114.135,46
Saldo o 31 de decembro de 2020	74.156,83	2.159.236,03	2.233.392,86

Durante o exercicio 2020 nin no 2019 non foi necesario a dotación de deterioro de clientes comerciais. Se ben, durante o ano 2020 procedeuse o rexistro da perda definitiva dos clientes con máis de 15 anos de antigüidade, por importe de 114.135,46 euros, os cales estaban totalmente cubertos coa correspondente provisión por deterioro, polo que, dita baixa non supuxo impacto económico algún na conta de resultados.

VIII. 4) INFORMACIÓN RELACIONADA COA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS E PATRIMONIO NETO

O importe das correccións valorativas por deterioro para cada clase de activos financeiros, así como o importe de calquera ingreso financeiro imputado na conta de perdas e ganancias relacionado con tales activos, detállase no seguinte cadro:

	Correccións valorativas por deterioro	
	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Créditos, derivados e outros	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00

VIII. 5) OUTRA INFORMACIÓN

- Non se presenta o detalle comparativo entre o valor razoable e o valor en libros para as diferentes categorías de activos e pasivos financeiros xa que o valor en libros constitúe unha aproximación aceptable do valor razoable dos mesmos.

- No exercicio 2020 e 2019 non houbo transferencias de activos financeiros, nin reclasificacións de activos financeiros, nin activos cedidos e aceptados en garantía, nin débedas con características especiais.
- Non existen compromisos firmes de compra nin de venda de activos financeiros.
- Non existen litixios nin embargos nin calquera outra circunstancia de carácter sustantivo que afecte ós activos financeiros.
- A sociedade non dispón de liñas de desconto nin pólizas de crédito, nin ten débedas con garantía real.

VIII. 6) EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES

O saldo do epígrafe efectivo e outros activos líquidos equivalentes se corresponde cos saldos á vista (tesourería) mantidos pola Sociedade ó 31 de decembro de 2020 e ó 31 de decembro de 2019.

VIII. 7) INFORMACIÓN SOBRE A NATUREZA E O NIVEL DE RISCO PROCEDENTE DE INSTRUMENTOS FINANCIEROS

- Risco de liquidez: A sociedade dispón de efectivo dispoñible ao peche do exercicio, por importe de 850.333,27 euros (243.508,03 euros no exercicio 2019).

Por outra banda, a sociedade obtivo no exercicio 2020 un cash flow negativo 9.540,49 euros (cash flow positivo de 23.896,66 euros no exercicio 2019) e un fondo de manobra positivo de 709.969,57 euros (801.358,74 euros, tamén positivo no exercicio 2019).

- Risco de crédito: O risco de crédito da sociedade é atribuíble principalmente ás súas débedas por operacións comerciais. Os importes reflíctense no balance adxunto netos de deterioracións para insolvencias, estimadas polos Administradores da sociedade en función da experiencia de exercicios anteriores. O principal risco da sociedade débese ao atraso nos cobros das débedas comerciais e en menor medida a insolvencias manifestas dos clientes. A sociedade analiza o risco de crédito reflectindo as oportunas deterioracións de valor para aquelas facturas que se atopan en situación de impagadas. Isto realízase en base á mellor información da que se dispón en cada momento e revísase periodicamente por se se modificaron as condicións iniciais.
- Risco de mercado: O risco do mercado no que opera a sociedade non é especialmente elevado.

Con respecto ao risco de interese, este non é significativo ó non dispor a sociedade de préstamos a pagar suxeitos a devolución con intereses.

- Exposición ao risco de prezo: No exercicio 2020 a sociedade mantivo os prezos de venda das pernoitas en albergues, en relación ó exercicio anterior..

VIII. 8) INFORMACIÓN SOBRE APRAZAMENTOS DE PAGO

A disposición adicional terceira, sobre o deber de información, da Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sinala: "As sociedades deberán publicar de forma expresa as informacións sobre os prazos de pago aos seus provedores na Memoria das súas Contas Anuais". A sociedade comunica que os pagos realizados son os indicados a continuación:

	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Período medio de pago a Provedores	51,42	23,81
Ratio operacións pagadas	55,25	25,69
Ratio de operacións pendentes de pago	0,69	3,20
Total pagos realizados	4.356.417,96	4.746.442,26
Total pagos pendentes	328.607,68	432.378,50

Na elaboración da información anterior non se teñen en conta:

- As facturas pendentes de recibir a 31 de decembro de 2020, por importe de 191.274,54 euros, (200.986,02 euros no 2019) debido a que para as mesmas non se recibiu a correspondente factura pero cuido gasto se reflectiu no período no que se incorreu, de acordo co principio de devengo. Dito importe figura rexistrado no Pasivo Corrente do Balance correspondente ó exercicio 2020 baixo a rúbrica "Acredores varios".
- Facturas e importes acredores derivados de convenios principalmente con concellos, por importe total de e 49.998,93 euros, (158.219,01 euros no 2019) que non contan coa conformidade ó pago. Dito importe figura rexistrado no Pasivo Corrente do Balance correspondente ó exercicio 2020 baixo a rúbrica "Acredores varios".

IX.- PERIODIZACIÓNS ACTIVAS A CURTO PRAZO

O detalle do epígrafe correspondente do balance de situación que se xunta se corresponde con pagos no exercicio 2020 por servizos ordinarios de funcionamento (seguros, consumos, etc.) da Sociedade correspondentes ao exercicio 2021, por importe 35.868,79 euros (35.335,51 euros o remate do exercicio 2019).

X- FONDOS PROPIOS

X. 1) CADRO DE MOVEMENTOS DO EPÍGRAFE DE FONDOS PROPIOS

O movemento das contas contables que compoñen os fondos propios durante o exercicio 2020 e durante o exercicio anterior foi o seguinte:

FONDOS PROPIOS-2020	SALDO 01/01/2020	ADICIÓN	BAIXAS/ AXUSTES	DISTRIBUCIÓN RESULTADO	SALDO 31/12/2020
CAPITAL SOCIAL	601.012,10	0,00	0,00	0,00	601.012,10
RESERVA LEGAL	120.202,42	0,00	0,00	0,00	120.202,42
RESERVAS VOLUNTARIAS	786.182,84	0,00	-8.500,00	0,00	777.682,84
RESULTADO DO EXERCICIO	23.896,66	-9.540,49	0,00	-23.896,66	-9.540,49
TOTAL:	1.531.294,02	-9.540,49	-8.500,00	-23.896,66	1.489.356,87

FONDOS PROPIOS-2019	SALDO 01/01/2019	ADICIÓN	BAIXAS/ AXUSTES	DISTRIBUCIÓN RESULTADO	SALDO 31/12/2019
CAPITAL SOCIAL	601.012,10	0,00	0,00	0,00	601.012,10
RESERVA LEGAL	120.202,42	0,00	0,00	0,00	120.202,42
RESERVAS VOLUNTARIAS	786.182,84	0,00	0,00	0,00	786.182,84
RESULTADO DO EXERCICIO	81.691,51	23.896,66	0,00	-81.691,51	23.896,66
TOTAL:	1.589.088,87	23.896,66	0,00	-81.691,51	1.531.294,02

X. 2) CAPITAL

O capital escriturado ó 31 de decembro de 2020 e 2019 está composto por 100 accións nominativas de 6.010,12 euros cada unha, totalmente subscritas e desembolsadas pola Xunta de Galicia, que é, polo tanto, o único Accionista, sen que se lle notificara á Sociedade ningunha transmisión das referidas accións. A Sociedade ten, polo tanto, carácter unipersoal.

Como información adicional salientar que, ó 31 de decembro de 2020 e 2019:

- As accións da Sociedade non están admitidas a cotización.
- Non se realizaron negocios sobre as accións propias.
- Todas as accións son da mesma clase e serie.

X. 3) RESERVA LEGAL

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, debe destinarse unha cifra equivalente ao 10% do beneficio do exercicio á reserva legal até que esta chegue, cando menos, ao 20% do capital social. A reserva legal poderase utilizar para engadir ao capital na parte do seu saldo que exceda do 10% do capital xa aumentado. Agás para esta finalidade, e mentres non supere o 20% do capital social, esta reserva só poderá destinarse á compensación de perdas, sempre que non existan outras reservas dispoñibles para este fin e de ser utilizada para este fin, debera repoñerse con beneficios futuros.

A 31 de decembro de 2020 e 2019 a Sociedade xa tiña cuberta a devandita reserva.

X. 4) RESERVAS VOLUNTARIAS

Todas as reservas voluntarias que constan no balance de situación son de libre disposición. No exercicio 2020 realizáronse axustes a estas reservas por 8.500 euros, correspondentes a gastos devengados no exercicio anterior.

X. 5) DIVIDENDOS

Non existen restricións, distintas das legalmente establecidas, para o reparto de beneficios.

Durante o exercicio 2020 distribuíronse dividendos por importe de 23.896,66 euros, e dita distribución foi aprobada polo Accionista Único o 30 de xuño de 2020. Durante o exercicio 2019 distribuíronse dividendos por importe de 81.691,51 euros, e dita distribución foi aprobada polo Accionista Único o 25 de xuño de 2019.

XI- SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS RECIBIDOS

XI. 1) SUBVENCÍONS DE CAPITAL E OUTROS INGRESOS A DISTRIBUIR

O detalle do movemento durante o exercicio 2020 e 2019 neste capítulo do balance é o seguinte:

A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	Subvencións de capital	Outros ingresos a distribuír	TOTAL
Saldo o 1 de xaneiro de 2019	31.163.630,56	236.610,03	31.400.240,59
Subvencións concedidas no exercicio	1.925.000,02	0,00	1.925.000,02
Trasposos á conta de resultados	-1.257.786,00	0,00	-1.257.786,00
Efecto impositivo	-166.803,50	0,00	-166.803,50
Saldo ó 31 de decembro de 2019	31.664.041,08	236.610,03	31.900.651,11
Saldo o 1 de xaneiro de 2020	31.664.041,08	236.610,03	31.900.651,11
Subvencións concedidas no exercicio	0,00	0,00	0,00
Trasposos á conta de resultados	-1.641.925,94	0,00	-1.641.925,94
Efecto impositivo	410.481,49	0,00	410.481,49
Saldo ó 31 de decembro de 2020	30.432.596,62	236.610,03	30.669.206,66

No 2020 non se recibiron novas subvencións de capital. No exercicio 2019 recibíronse subvencións de capital por importe de 1.925.000,00 euros, para as obras de acondicionamento e posta en marcha do Complexo do Monte do Gozo.

A imputación a resultados das subvención de capital realízase en proporción á depreciación que experimentan os activos que financian. Durante o exercicio 2019, no se imputou a resultados importe algún correspondente a subvención de capital afecta as inversións do Complexo Monte do Gozo, dado que a inversión rematou a finais do exercicio 2019, e aínda non entrará en funcionamento, polo que a imputación a resultados desta subvención, realizouse a partires do exercicio 2020.

Estímase que a Sociedade cumpriu, e prevé cumprir no futuro, a totalidade das condicións xerais e particulares establecidas nas correspondentes resolucións individuais de concesión de todas as subvencións de capital que se lle concederon.

A practica totalidade das subvencións de capital que se rexistraron en Balance foron recibidas pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro deste epígrafe tamén se inclúe a contrapartida dos valores venais das concesións adquiridas a título gratuito ó valor de taxación dos materiais non amortizábeis (obras de arte) que adquiriu a Sociedade conxuntamente co Pavillón de Galicia ao rematar a EXPO 92 de Sevilla e, por último, os ingresos a distribuír pola adscrición de bens.

XI. 2) SUBVENCIÓNS OFICIAIS DE EXPLOTACIÓN

No exercicio 2020 a sociedade recibe da Axencia de Turismo, dependente da Xunta de Galicia, en concepto de subvencións á explotación a cantidade de 4.200.000,00 euros (3.110.376,00 euros en 2019).

Dentro das subvencións de explotación indicadas para o ano 2020, encontrase contabilizado un importe adicional de 1.200.000 euros, outorgado mediante modificación de créditos, por mor da crisis sanitaria provocada pola Covi-19 (máis coñecido como "coronavirus") que provocou unha perda de ingresos propios da SA de Xestión do Plan Xacobeo como consecuencia das medidas e restricións adoptadas polo estado de alarma, a Rede de Albergues, que estivo pechada para o aloxamento dos peregrinos dende o 14 de marzo ata o mes de xullo, no que se comezou a abrir de forma desescalada unha parte da Rede pública. E dende xullo a decembro, tampouco se puido abrir na totalidade a Rede de Albergues, debido os peches perimetrais e as restricións motivadas polas distintas "olas do coronavirus"

XII-PROVISIÓNS

XII. 1) CADRO DE MOVEMENTOS DE PROVISIÓNS

O detalle do movemento durante o exercicio 2020 e 2019 neste capítulo do balance é o seguinte:

Provisións	Provisións a longo prazo	TOTAL
Saldo o 1 de xaneiro de 2019	1.002.314,04	1.002.314,04
Dotación no exercicio	0,00	0,00
Aplicación de provisións	-75.091,14	-75.091,14
Saldo ó 31 de decembro de 2019	927.222,90	927.222,90
Saldo o 1 de xaneiro de 2020	927.222,90	927.222,90
Dotación no exercicio	0,00	0,00
Aplicación de provisións	-49.452,02	-49.452,02
Saldo ó 31 de decembro de 2020	877.770,88	877.770,88

Dentro deste epígrafe recóllense as seguintes provisións para cubrir eventuais responsabilidades, que puidesen xurdir para a sociedade polos seguintes conceptos:

Provisións 2020	REF.	01-01-2020	Dotación	Aplicación/ Cancelación	31-12-2020
Reclamación traballadores 5% salario	[1]	49.452,02	0,00	-49.452,02	0,00
Reclamación antigo adxudicatario Complejo Monte do Gozo	[2]	877.770,88	0,00	0,00	877.770,88
TOTAL		927.222,90	0,00	-49.452,02	877.770,88

Provisións 2019	REF.	01-01-2019	Dotación	Aplicación/ Cancelación	31-12-2019
Reclamación traballadores 5% salario	[1]	124.543,16	0,00	-75.091,14	49.452,02
Reclamación antigo adxudicatario Complejo Monte do Gozo	[2]	877.770,88	0,00	0,00	877.770,88
TOTAL		1.002.314,04	0,00	-75.091,14	927.222,90

[1] A Sociedade estimou preciso dotar provisións para cubrir as eventuais responsabilidades que puidesen xurdir por mor das demandas interpostas polos traballadores en reclamación do 5% do salario deixado de aboar a partires de setembro de 2013. Durante o ano 2019 a sociedade restituíu a todo o seu persoal, o citado 5% de salario, polo que non foi necesario rexistrar na conta de perdas e ganancias importe algún polo mencionado concepto, no exercicio 2019, ni tampouco no 2020. Así mesmo, aplicáronse 49.452,02 euros (75.091,14 euros no exercicio 2019) correspondentes a pagos realizados ós traballadores que xa tiñan sentenza firme. No ano 2020 xa se aboaron a tódolos traballadores as diferencias salariais, polo que no existe reclamacións pendentes por este concepto.

[2] Con fecha 31 de marzo de 2016 notificase a Sociedade a interposición de unha demanda, por parte da antiga adxudicataria do Complejo Monte do Gozo, na que se reclama a cantidade de 1.423.173,46 euros por incumprimento contractual. Os administradores da Sociedade consideraron necesario dotar a provisión para cubrir as eventuais responsabilidades que puidesen xurdir por esta reclamación, cuantificándose esta en 877.770,88 euros. O importe da provisión calcúlase tendo en conta o importe da demanda interposta,

descontando o importe que a empresa demandante adeuda a Sociedade en concepto de canon de concesión, dos exercicios 2013, 2014 e 2015 e que ascende a cantidade de 545.402,58 euros. Con data 2 de setembro de 2019 recae sentenza a favor da Sociedade, sendo recorrida en apelación, polo que os Administradores da Sociedade consideran necesario manter a citada provisión. Dito litixio está baixo a dirección do Gabinete Xurídico da Xunta.

[3] En xaneiro de 2019 a Sociedade Costa do Gozo S.L., presentou un recurso contencioso-administrativo contra a resolución da mesa de contratación de data 28 de decembro de 2018, en relación a adxudicación do "Contrato de concesión servizos para a explotación do complexo de aloxamentos do Monte do Gozo". No mencionado procedemento, a entidade Costa do Gozo S.L. resulta excluída, polo que esta solicita a anulación da adxudicación e a retroacción das actuacións para a admisión da súa proposta. O litixio é de contía indeterminada, polo que os administradores estiman que non existe un risco elevado, razón pola cal non se dota provisión algunha respecto a dito expediente. Con data 15 de febreiro de 2021 celebrouse vista para a proba testifical. O litixio está baixo a dirección do Gabinete Xurídico da Xunta.

XII. 2) AVALES

A 31 de Decembro de 2020, e de 2019 a Sociedade non tiña garantías comprometidas con terceiras persoas, ni físicas nin xurídicas, así como tampouco teña prestados avales ni compromisos firmes de compra de activos fixos.

XIII-SITUACIÓN FISCAL

XIII. 1) SALDOS PENDENTES COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os saldos mantidos pola sociedade coa Administración Pública por diversos conceptos, correspondentes aos exercicios 2020 e 2019 detállanse na táboa seguinte:

CONCEPTO	Exercicio 2020		Exercicio 2019	
	Saldos Debedores	Saldos Acredores	Saldos Debedores	Saldos Acredores
Pasivos por diferenzas temporarias impositibles	0,00	10.223.068,85	0,00	10.633.550,34
No Correntes	0,00	10.223.068,85	0,00	10.633.550,34
Facenda Pública por IRPF	0,00	43.045,31	0,00	38.356,18
Facenda Pública por Imposto de sociedades	9.680,33	0,00	10.760,85	0,00
Organismos da seguridade social	135,69	18.122,07	0,00	36.672,25
Facenda Pública por IVE	678.534,28	0,00	559.922,58	0,00
Facenda Pública por subvencións concedidas	0,00	0,00	2.426.848,25	0,00
Correntes	688.350,30	61.167,38	2.997.531,68	75.028,43
TOTAL	688.350,30	10.284.236,23	2.997.531,68	10.708.578,77

A sociedade está adherida a un convenio da Consellería de Facenda mediante o cal as débedas coa Seguridade Social serán pagadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro (DXPFT), neste sentido a sociedade achega un importe fixo mensual para aboar a seguridade social. No primeiro trimestre do ano seguinte faise unha regularización en función do importe total achegado e o importe real pagado á seguridade social. O saldo acredor coa seguridade social por importe de 18.122,07 euros (36.672,25 euros no 2019, correspondéndose un importe 19.108,65 euros co defecto das cantidades aportadas en virtude do citado convenio ó longo do exercicio 2019 sobre o importe real de pagos a seguridade social, cantidade foi regularizada ao longo do ano 2020).

O saldo de subvencións concedidas pendentes de cobro, a 31 de decembro de 2020 é de cero euros, e diminúe significativamente respecto o ano anterior, debido a que no ano 2019 atopábase un importe de 1.649.254,25 euros, pendente de cobro correspondente a subvención de capital das obras de acondicionamento do Complexo Monte do Gozo.

XIII. 2) CONCILIACIÓN DO RESULTADO CONTABLE E O RESULTADO FISCAL

O imposto de sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente han de coincidir co resultado fiscal, entendido este como a base imponible do citado imposto.

A conciliación do resultado contable do exercicio 2020 e anterior coa base imponible prevista do imposto sobre sociedades é como segue:

CONCEPTO	CONCILIACIÓN IMPOSTO 2020				
	CONTA PERDAS E GANANCIAS		INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS Ó PATRIMONIO NETO		TOTAL
	AUMENTOS	DISMINUC.	AUMENTOS	DISMINUC.	
Saldo de ingresos e gastos do exercicio 2020	-9.540,49		-8.500,00		-18.040,49
Imposto de sociedades 2020					0,00
Diferenzas Permanentes 2020	250,00				250,00
Diferenzas Temporais 2020	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Base Imponible previa do imposto 2020					-17.790,49
Compensación bases impositibles negativas					0,00
Base Imponible do imposto 2020					-17.790,49
Tipo de gravame aplicable 2020					25%
Cota Integral 2020					0,00
Retencións e Pagos a conta realizados 2020					4.722,38
Imposto a devolver 2020					4.722,38

CONCEPTO	CONCILIACIÓN IMPOSTO 2019				
	CONTA PERDAS E GANANCIAS		INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS Ó PATRIMONIO NETO		TOTAL
	AUMENTOS	DISMINUC.	AUMENTOS	DISMINUC.	
Saldo de ingresos e gastos do exercicio 2019	23.896,66		0,00		23.896,66
Imposto de sociedades 2019					0,00
Diferenzas Permanentes 2019					0,00
Diferenzas Temporais 2019	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Base Imponible previa do imposto 2019					23.896,66
Compensación bases impositibles negativas					-23.896,66
Base Imponible do imposto 2019					0,00
Tipo de gravame aplicable 2019					25%
Cota Integral 2019					0,00
Retencións e Pagos a conta realizados 2019					4.957,95
Imposto a devolver 2019					4.957,95

Como consecuencia das retencións e pagamentos a conta realizados ao longo do exercicio 2020 e a compensación de bases imponible negativas de exercicios anteriores, estímase que na liquidación definitiva do imposto sobre sociedades de 2020, a cota a devolver ascenderá a 4.722,38 euros (4.957,95 euros no exercicio 2019).

- Diferenzas Permanentes: supoñen un aumento no resultado contable e xorden por gastos que teñen o carácter de gastos non deducibles de acordo co disposto a lei do Imposto sobre sociedades. Non xurdindo diferenzas por este concepto no exercicio 2019.

- Diferenzas temporais: supoñen un aumento e unha diminución ao resultado contable e xorden, polas diferenzas existentes entre os criterios de imputación contable e fiscal, no existindo diferenzas neste exercicio 2020, nin no 2019 polos citados conceptos.
- Deducións da Cota: Nin no presente exercicio, nin no anterior, se aplicaron deducións da cota.

XIII. 3) BASES IMPOÑIBLES NEGATIVAS PENDENTES DE COMPENSAR

A bases impositivas negativas pendentes de compensación, e non rexistradas no balance, son as seguintes:

Concepto	Ano de orixe	Pendente de aplicar 31/12/19	Perdas exercicio 2020	Aplicado exercicio 2020	Pendente de aplicar 31/12/20
Bases impositivas negativas (non rexistradas en balance):	2012	1.213.479,14	0,00	0,00	1.213.479,14
Bases impositivas negativas (non rexistradas en balance):	2020	0,00	17.790,49	0,00	17.790,49
TOTAL		1.213.479,14	17.790,49	0,00	1.231.269,63

XIII. 4) DEDUCCIÓNES PENDENTES DE COMPENSAR

A Sociedade ten pendentes de aplicación deducións recoñecidas en exercicios anteriores por importe de 3.024,39 euros, na súa meirande parte con orixe nas deducións aplicables ó Ano Santo Compostelán:

Concepto	Ano de orixe	Pendente de aplicar 31/12/19	Aplicado exercicio 2020	Pendente de aplicar 31/12/20
Deducións pendentes de aplicar (non rexistradas en balance):	2006	816,00	0,00	816,00
Deducións pendentes de aplicar (non rexistradas en balance):	2007	498,96	0,00	498,96
Deducións pendentes de aplicar (non rexistradas en balance):	2008	691,91	0,00	691,91
Deducións pendentes de aplicar (non rexistradas en balance):	2009	725,18	0,00	725,18
Deducións pendentes de aplicar (non rexistradas en balance):	2010	292,34	0,00	292,34
TOTAL		3.024,39	0,00	3.024,39

XIII. 5) PASIVOS POR DIFERENCIAS TEMPORARIAS IMPOÑIBLES

O pasivo por imposto diferido corresponde ó efecto fiscal das subvencións de capital rexistrados, e que se atopan reflectidas no epígrafe A-3 do Patrimonio Neto do balance adxunto:

Concepto	Pasivos por diferenzas temporarias impositivas
Saldo o 1 de xaneiro de 2019	10.466.746,84
Adicións no exercicio	481.250,00
Traspasos á conta de resultados	-314.446,50
Saldo ó 31 de decembro de 2019	10.633.550,34
Saldo o 1 de xaneiro de 2020	10.633.550,34
Adicións no exercicio	0,00
Traspasos á conta de resultados	-410.481,49
Saldo ó 31 de decembro de 2020	10.223.068,86

XIII. 6) EXERCICIOS ABERTOS A INSPECCIÓN

De acordo coa lexislación fiscal en vigor, os impostos non poden considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracións presentadas sexan inspeccionadas polas autoridades fiscais ou haxa transcorrido o prazo de prescrición de catro anos. O Consello de Administración considera que as liquidacións fiscais foron realizadas correctamente, polo que, aínda no caso de que xurdan discrepancias na interpretación da normativa vixente, debido ao tratamento fiscal outorgado as operacións, os eventuais pasivos resultantes, en caso de materializarse, non afectarían de maneira significativa ás contas anuais que se acompañan.

En particular a data de peche das contas anuais, encóntranse non prescritos, as liquidacións correspondentes aos últimos catro anos dos impostos aplicables á Sociedade, ademais de aqueles que xa foron inspeccionados e que teñen un novo prazo de prescrición.

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2016, 2017, 2018 e 2019
Imposto sobre el Valor Engadido (IVE)	2016(*), 2017, 2018, 2019 e 2020
Imposto sobre la Renda de as Persoas Físicas	2017, 2018, 2019 e 2020
Seguridade Social	2017, 2018, 2019 e 2020

(*) nova prescrición, que remata no 2021

XIV- TRANSACCIONES CON PARTES VINCULADAS

Non se teñen realizado operación con entidades vinculadas nos exercicios 2020 e 2019.

XV- INFORMACIÓN RELATIVA ÓS ADMINISTRADORES E ALTA DIRECCIÓN

Durante o exercicio 2020 a Sociedade rexistrou por retribucións á totalidade dos membros do Consello de Administración e persoal de Alta Dirección, por todos os conceptos a cantidade de 6.538,88 euros e 113.369,27 euros, respectivamente (9.603,98 euros e 112.618,98 euros, respectivamente ó longo de 2019).

Durante os exercicios 2020 e 2019 non se concederon anticipos ou créditos aos membros do Consello de Administración e persoal de Alta Dirección, nin se asumiron obrigas por conta dos mesmos, nin seguros de vida nin fondos de pensión ao seu favor. Tampouco se lles aboou ningunha retribución en especie.

Na Xunta Xeral Extraordinaria, celebrada con data 27 de outubro de 2020, nomeáronse novos membros do Consello a Administración, pasando de ser un total 8 a 10 membros.

Á data da formulación das presentes Contas Anuais o Consello de Administración está integrado por dúas mulleres e oito homes. (No exercicio 2019, catro mulleres e catro homes).

Os administradores informaron da non existencia de ningunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

XVI-INGRESOS E GASTOS

XVI. 1) IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS

O importe neto da cifra de negocios do exercicio 2020 e 2019 correspóndese principalmente coas vendas de bonos nos albergues. A totalidade dos ingresos por vendas de bonos, obtivéronse dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O detalle e o seguinte:

A 1. Importe neto da cifra de negocios	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Ventas (outros)	0,00	0,00
Prestación de servizos (venta de bonos en albergues)	191.465,47	1.713.757,00
TOTAL:	191.465,47	1.713.757,00

Durante o ano 2020, produciuse unha diminución do 88,83% dos ingresos propios, na venda de bonos en albergues, motivado polas restricións e outras medidas de contención da Covid-19, dende a declaración do estado de alarma o 14 de marzo de 2020.

XVI. 2) OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

O detalle dos Outros ingresos de explotación do exercicio 2020 e 2019 é como segue:

A 5. Outros ingresos de explotación	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Recadación por servizos diversos	2.258,92	26.188,57
Ingresos aluguer	24.854,44	25.925,04
Subvencións de explotación incorporadas o resultado do exercicio	4.200.000,00	3.110.376,00
TOTAL:	4.227.113,36	3.162.489,61

XVI. 3) GASTOS E INFORMACIÓN SOBRE O PERSOAL

O detalle dos gastos de persoal correspondente ó exercicio 2020 e 2019 é o seguinte:

A 6. Gastos de persoal	Exercicio 2020	Exercicio 2019
Soldos e salarios xunto coas indemnizacións	619.327,11	595.909,09
Seguridade Social a cargo da empresa	183.395,70	182.662,54
TOTAL:	802.722,81	778.571,63

- Número medio de persoas empregadas durante o exercicio 2020 e 2019, distribuído por categorías profesionais e sexo é o seguinte:

Categoría Profesional	EXERCICIO 2020			EXERCICIO 2019		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
TITULADOS SUP E MEDIO	4,98	2,00	6,98	5,00	2,00	7,00
PERSOAL ADMINISTRATIVO	5,00	3,00	8,00	5,00	3,00	8,00
TOTAL	9,98	5,00	14,98	10,00	5,00	15,00

- Distribución do persoal da sociedade ao termo do exercicio e anterior, por categorías e sexos:

Categoría Profesional	EXERCICIO 2020			EXERCICIO 2019		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
TITULADOS SUP E MEDIO	5,00	2,00	7,00	5,00	2,00	7,00
PEROAL ADMINISTRATIVO	5,00	3,00	8,00	5,00	3,00	8,00
TOTAL	10,00	5,00	15,00	10,00	5,00	15,00

XVI. 4) OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

Nesta partida recóllense os gastos de funcionamento ordinarios da sociedade.

A 7. Outros gastos de explotación	Exercicio 2020	Exercicio 2019
SERVICIOS EXTERIORES	3.621.825,92	4.080.036,82
OUTROS TRIBUTOS	96.728,19	107.175,22
PERDAS, DETERIORO E VARIACIÓN DE PROV. POR OP. COMERC.	0,00	0,00
Perdas de créditos comerciais incobrables	114.135,46	0,00
Perdas por deterioro de créditos por operacións comerciais	0,00	0,00
Reversión del deterioro de créditos por operacións comerciais	-114.135,46	0,00
OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTE	0,00	0,00
TOTAL	3.718.554,11	4.187.212,04

XVI. 5) OUTROS RESULTADOS

No cadro que se presenta a continuación desagregase a partida "Outros resultados", incluída na conta de perdas e ganancias adxunta:

A 13. Outros resultados	Exercicio 2020	Exercicio 2019
A) GASTOS EXCEPCIONAIS	-10.335,43	-10.099,04
Outros gastos excepcionais	-10.335,43	-10.099,04
B) INGRESOS EXCEPCIONAIS	114.725,13	136.698,27
Cobro de indemnizacións por siniestros (seguro)	4.551,86	0,00
Regularización saldos acredores antigos	109.701,14	136.260,17
Outros ingresos excepcionais	472,13	438,10
TOTAL	104.389,70	126.599,23

En relación a este apartado, no exercicio 2020, cabe destacar como importe mais significativo o correspondente a regularización de acredores e provedores antigos, que ascenden a 109.701,16 euros (136.260,17 euros en 2019), e que xa foi analizado na nota VIII.2) ii, desta memoria.

XVI. 6) INGRESOS E GASTOS FINANCIEROS

A continuación detállase as partidas de "ingresos e gastos financeiros", incluídas na conta de perdas e ganancias adxunta, correspondente o exercicio 2020 e 2019:

	Exercicio 2020	Exercicio 2019
A 14. Ingresos Financeiros	5.334,42	294,58
<i>Ingresos financeiros de c/c outros</i>	<i>56,46</i>	<i>294,58</i>
<i>Intereses Dev. AEAT</i>	<i>5.277,96</i>	<i>0,00</i>
A 15. Gastos Financeiros	-16.566,51	-13.460,09
<i>Intereses abonados, a traballadores</i>	<i>-16.566,51</i>	<i>-13.460,09</i>
TOTAL RESULTADO FINANCIERO	-11.232,09	-13.165,51

No apartado de ingresos financeiros, do exercicio 2020, no hai nada relevante que destacar, en comparación, no exercicio 2019, a cantidade máis significativa corresponde o cobro de intereses pola devolución do importe do IVE, do ano 2019.

No tócate a partida de gastos financeiros, o importe máis significativo do exercicio 2020 correspóndese coa cantidade abonada os traballadores da entidade en conceptos de intereses abonados en cumprimento das sentencias firmes recibidas no ano 2020, correspondentes a reclamación do 5% do salario (ver nota XII-1) por importe de 16.566,51 euros (13.460,09 euros no exercicio 2019).

XVI. 7) REMUNERACIÓN DE SERVIZOS DE AUDITORÍA

O custo dos servizos de auditoría de contas anuais da Sociedade correspondentes ao exercicio 2020 ascende a 6.206,62 euros (8.500,00 euros no exercicio 2019).

XVII-ACONTECEMENTOS POSTERIORES Ó PECHE DO EXERCICIO

Con posterioridade á data de peche do exercicio e antes da formulación das contas anuais do ano 2020 producíronse acontecementos, que se ben non afectan substancialmente aos Estados Financeiros referidos a dito exercicio, deben ser reflectidos nas Contas Anuais, ó tratarse dun feito importante sobre o que hai que informar neste apartado.

Con data 26 de xaneiro publícase no DOGA o DECRETO 8/2021, de 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV-2 e a Orde Complementaria do 26 de xaneiro de 2021 polo que se establecen medidas específicas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, en consecuencia e en aplicación das referidas normas, **acórdase o peche temporal da totalidade da Rede de Albergues**, que sumando, os sucesivos decretos de restricións da mobilidade e peche perimetral non só de Galicia, senón tamén dos distintos Concellos dentro da Comunidade Autónoma, **a actividade nos albergues queda paralizada sen ter certeza sobre a posible data de apertura.**

Mencionado o anterior, debemos ter en conta que a actividade propia da Sociedade e a xestión dos servizos da rede pública de albergues, e que quedou paralizada novamente dende finais de xaneiro. Elo significa, que a sociedade no obtén ingresos propios mentres dure dita situación, sen embargo, os administradores estiman que a entidade retomará a súa actividade empresarial en canto rematen as limitacións referidas, e aínda que se descoñece a data da súa volta, calcúlase que a merma de ingresos previstos para o 2021, non terá un impacto significativo nas contas anuais de 2021, toda vez que, esta circunstancia xa se tivo en conta na aprobación dos presupostos para dito ano.

De tódolos xeitos, a entidade conta co apoio, do seu socio único, a Xunta de Galicia.

VI. INFORME DE XESTIÓN

EXERCICIO 2020

INFORME DE XESTIÓN

I - SITUACIÓN DA SOCIEDADE E EVOLUCIÓN PREVISIBLE

A actividade da Sociedade no exercicio 2020, ao igual que exercicios anteriores, céntrase na prestación dos servizos básicos relacionados co Camiño de Santiago, a acollida ós peregrinos e as relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

A acción da Sociedade nos case trinta anos dende a súa fundación se reflicte no crecemento que experimenta o Camiño de Santiago en Galicia, conseguindo no ano 2019 un novo récord histórico de peregrinos, (mais de 19.000 respecto aos do ano anterior), superando os 347.000 peregrinos, que conformaba ata ese ano un dos principais recursos turísticos, un sinal de identidade de Galicia e un eixo de cohesión territorial e de desenvolvemento cultural, social e económico nos municipios por onde discorren as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela.

Durante todos estes anos a proliferación de albergues e todo tipo de aloxamentos e empresas de restauración o longo dos Camiños puxo en valor a actividade da Sociedade como impulsora do sector turístico e da actividade económica especialmente no ámbito rural.

Ata o comezo do ano 2020, mantíñase a tendencia alcista nas cifras de pernoitas nos Albergues da Rede Pública, no exercicio 2019 alcanzou as 305.366 pernoitas, logo de varios anos manténdose por riba dos 300.000, o que facía prever que durante o ano 2020, como ano previo a celebración do Ano Santo 2021, lograríase un record de peregrinos chegados a Santiago de Compostela.

A actividade da Sociedade estivo marcada, de maneira moi notable, como o resto do sector turístico, pola **pandemia da Covid 19**. Por isto, os obxectivos da sociedade centráronse, en manter da maneira mais adecuada posible a conservación e mellora da actual Rede de Albergues para conseguir, cando se retome a actividade de forma máis ou menos normal, un fortalecemento da súa posición para encarar a celebración do Ano Santo 2021 e a súa, prolongación durante o ano 2022, anunciada pola Santa Sede a causa do impacto da pandemia.

Con motivo das excepcionais circunstancias sanitarias, a evolución e actividade da Sociedade durante o ano 2020 foi obxecto dunha nova formulación e revisión da estratexia a seguir no corto prazo, adaptando a mesma a nova situación tanto do ano 2020 como de cara aos vindeiros Anos Santos 2021 e 2022.

Consecuencia das medidas adoptadas polo estado de alarma, a Rede de Albergues, principal fonte de ingresos propios da Sociedade, estivo pechada para o aloxamento dos peregrinos dende o 14 de marzo de 2020 ata o mes de xullo, no que se comezou a abrir unha parte pequena da Rede pública de forma desescalada. Aqueles albergues que se abriron, 33 albergues dos 70 cos que conta a Rede de Albergues, basicamente o fixeron nas localidades que contaban con escasa oferta privada. Para cumprir coas recomendacións sanitarias, abriron cunha importante limitación dos seus aforos. Debido a estas circunstancias excepcionais, durante o ano 2020, prodúcese un notable descenso nas prazas dispoñibles na Rede Pública de albergues. As reducións dos aforos fixo que se pasara das 3.278 prazas coas que conta a Rede de albergues a unicamente 959 prazas, das que permaneceron habilitadas para os peregrinos nos 33 albergues abertos un total de 462 prazas. O plan de apertura da rede realizouse en aras de favorecer a actividade da iniciativa privada deste sector.

Na data de formulación das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2020, a Sociedade xa conta coa aprobación do orzamento para o exercicio 2021, se ben adaptado a reducida actividade, resultante do proceso de reorganización do entramado institucional da Xunta de Galicia e adaptado as expectativas de actividade prevista no ano 2021, dada a situación sanitaria que repercute na actividade principal e por tanto nos ingresos propios obtidos pola Sociedade.

Segundo a última modificación do seu obxecto social e dos seus Estatutos realizada con data 7 de marzo de 2019 (publicándose no DOG de 19 de xuño de 2019), a actividade da Sociedade centrarase en:

A realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, as relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago: así como a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos Xacobeos, así como apoiar os distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito (CNAE: 8411- Actividades xerais da Administración Pública).

En base as finalidades do seu obxecto social ao longo do ano 2020 e dadas as especiais circunstancias sanitarias que tiveron lugar por mor da pandemia realizáronse as seguintes actuacións:

I.- Actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues

A principal actuación desenvolvida por esta Sociedade ao longo do ano 2020 ten relación coa súa principal finalidade social, a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia, que abrangueu as seguintes medidas:

- a) Continuaron o seu labor as empresas que dende 9 de novembro de 2016 e 17 de abril de 2017 son adxudicatarias do servizo de limpeza, atención ao peregrino e xestión de cobro na rede de albergues e do servizo de mantemento desta rede de albergues respectivamente, no caso da primeira centrándose de forma especial na limpeza e desinfección de todas as instalacións.

Na actualidade a rede de albergues está integrada por 70 establecementos, xestionando esta Sociedade, a través da devandita empresa adxudicataria, un total de 50, namentres que os outros 20 están xestionados polos concellos ou outras entidades.

Con cargo aos fondos da Sociedade, a pesares do peche de moitos deles, foron realizadas de forma mais exhaustiva, labores de reparacións e mantemento en toda a Rede de Albergues. Así como o importante traballo de estudo e coordinación dos traballos para adaptación das instalacións nos albergues da rede pública como acción preventiva fronte á COVID-19 (precintado de liteiras, sinalización etc...).

Levou a cabo o análise, supervisión e seguimento das actuacións que se están levando a cabo polo Ministerio de Fomento para a posta en valor da propiedade do Xacobeo "Casa de Correo" en Arzúa, como edificio cultural e xardín anexo.

- b) A Axencia de Turismo de Galicia ten impulsado diversas accións para mellora da Rede de Albergues e doutras propiedades que xestiona esta Sociedade, tanto no que se refire ao contido como ao continente, entre as actuacións mais importantes que foron coordinadas dende a S.A. de Xestión cabe destacar as seguintes:

- Obras de mellora varias de prioridade alta en 42 albergues de toda a rede: reformas de cubertas, fachadas e interiores, mellora da accesibilidade, actuacións correctivas de deficiencias eléctricas e filtracións de auga,, así como substitución de elementos nos equipos de Auga Quente Sanitaria. As actuacións máis importantes foron realizadas nos albergues seguintes: "Casa Forte de Lusío", Calvor, Barbadelo, Hospital da Cruz, Os Chacotes, Baamonde e O Cádavo.
- Obras de mellora nos sistemas de depuración de augas residuais nos albergues de: Hospital da Condesa, Gonzar, Santa Irene, Cebreiro, e Ferreiros.
- Obras de Modificación da rede drenante nos albergues de: "Casa Forte de Lusío", Barbadelo, Calvor e Hospital da Cruz.
- Dotación e renovación de mobiliario, colchóns e almofadas en albergues que pola súa antigüidade estaban moi deteriorados e dotación de equipamento do que será o novo albergue de Vigo.
- Traballos previos para a implantación da Q de calidade na rede de albergues públicos outorgada polo ICTE (Instituto para la Calidad Turística Española).

- Atención as necesidades requiridas no análise e supervisión de proxectos, en liñas xerais, para a incorporación de novas construción ou rehabilitación, para a ampliación da rede pública de albergues de peregrinos

O servizo de Seguridade do Monte do Gozo mantense dentro do contrato centralizado de servizos de seguridade da Xunta de Galicia.

En coordinación con esta Sociedade a Axencia de Turismo de Galicia ten culminado as obras de remodelación do Parque do Monte do Gozo. Entre estas actuacións, en anos anteriores estivo a construción dunhas piscinas de uso público na lagoa do Parque. No ano 2019 licitouse por procedemento aberto, o servizo de atención e mantemento das devanditas piscinas por un prazo dun ano (dende xullo de 2019), as piscinas permaneceron pechadas ao público e unicamente realizáronse labores de mantemento das instalacións e o seu entorno.

O servizo de atención do centro de peregrinos a cabalo, situado así mesmo no recinto construído pola Axencia de Turismo nunha zoa do Cámping do Monte do Gozo e licitado e adxudicado o ano anterior dende maio de 2019, continúa vixente, basicamente dedicado a labores de mantemento das instalacións dada a baixa ocupación obtida debido as circunstancias sanitarias e de mobilidade.

Durante os primeiros meses do ano iniciouse a actividade do complexo de aloxamento do Parque do Monte do Gozo, adxudicado o ano antes, pero a actividade tanto de aloxamento como de restauración veuse afectada, ao igual que o resto do sector, polas restricións establecidas por mor da pandemia e a súa actividade foi practicamente nula.

O pavillón de Galicia, ten alugadas as plantas 3º e 4ª para sede da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do contrato de aluguer asinado no ano 2018 por prazo de catro anos prorrogables por catro mais, sendo por conta de dita entidade tódolos gastos asociados ao citado edificio.

II.- Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago

Tamén dende esta SA se coordina a actividade do Comité Internacional de Expertos no Camiño de Santiago que ao longo do ano 2020 se reuniu dúas veces de forma telemática, unha delas para a preparación do XII Congreso Internacional do Comité de Expertos, a celebrar na cidade de Santiago en marzo de 2022. Este Comité coordina tamén a edición da revista "Ad Limina sobre o Camiño de Santiago e as peregrinacións" con financiamento da Axencia de Turismo de Galicia. En 2020 presentouse o número XI e foise xestando a edición do número XII, que sairá en 2021.

III.- Relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago

No ámbito das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago no ano 2020 a Sociedade coordinou coa Axencia Turismo de Galicia a convocatoria, realizada por esta entidade, de axudas en réxime de concorrência competitiva, das subvencións ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación. Nesta convocatoria admitíronse 24 solicitudes, acadando esta axuda un total de 14 asociacións (ningunha estranxeira).

Levou-se a cabo a constitución e primeira reunión da Mesa Galega de Asociacións e Fundacións de Amigos do Camiño de Santiago o 1 de febreiro de 2020.

Realizáronse diversas accións e colaboracións tanto de xeito presencial como telemático, a máis emblemática foi a segunda reunión da Mesa das Asociacións celebrada no mes de setembro no Albergue de Peregrinos de Pontevedra.

IV.- Coordinación de actuacións relacionadas co Camiño Xacobeo e a cultura xacobeá

Finalmente sinalar que, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, se participou na coordinación dende a Sociedade de diversas actuacións relacionadas co desenvolvemento do Plan Director e Estratéxico do Camiño de

Santiago 2015-2021, así como diversas actividades do ámbito da Cultura Xacobeas entre as que salientan:

- Itinerancia por Polonia de exposición de temática xacobeas
- Xestión de contidos da web: www.caminodesantiago.gal, do Blog.caminodesantiago.gal e do site <https://xacobeo2021.caminodesantiago.gal>.
- Colaboración na creación de contidos para proxecto Google Arts&Culture, sobre o Camiño de Santiago, posto en marcha por Google e a Consellería de Cultura e Turismo
- Coordinación da xestión de organización e catalogación da Biblioteca Xacobeas no Centro Internacional de Atención ao Peregrino, na rúa Carretas.
- Colaboración na xestión da Cátedra do Camiño de Santiago e peregrinacións da USC e nos Cursos Internacionais da USC.
- Coordinación do *XI Congreso Internacional de Estudos Xacobeos, Berenguel de Landoria* celebrado en febreiro de 2020.
- Colaboración na coordinación da preparación de diversos encontros, reunións e congresos que estando previstos, debido as circunstancias da pandemia, tiveron que ser aprazados para datas próximas: *Encontro de Cidades Españolas do Camiño de Santiago* (previsto en xuño de 2020). A *Reunión da Comisión NAT* do Comité Europeo das Rexións (previsto en xuño 2020). O *XII Encontro de Asociacións Jacobeas* a celebrarse en Galicia (previsto en outubro de 2020)
- Colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, Secretaría Xeral de Política Lingüística, no programa Fondo Xac 21. Valoración de proxectos presentados relacionadas co Xacobeo e o Camiño de Santiago.
- Deseño, coordinación e execución da acción *Acende o Xacobeo 2020*. Programa que iluminou máis de 90 monumentos en toda España de azul coa frecha amarela e o logotipo do Xacobeo 2021
- Coordinación e asistencia de presentacións a medios de diversas accións promovidas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo relacionadas co Camiño de Santiago

II – ACONTECEMENTOS POSTERIORES O PECHE

En relación a este apartado do informe, e en aras de evitar repeticións innecesarias, remitímonos o contido do mesmo, mencionado na nota XVII da memoria das contas anuais do ano 2020.

III – ACCIÓNS PROPIAS

Ao 31 de decembro de 2020, a sociedade non ten accións propias, nin realizou durante o exercicio 2020 operacións coas mesmas.

IV – ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Sociedade non desenvolveu no exercicio 2020 actividades no campo da investigación e desenvolvemento.

V – ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e contingencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas, en relación co patrimonio, a situación financeira e os seus resultados. Por iso, na presente memoria no se inclúen análises específicas das contas anuais respecto á información de cuestións ambientais.

VI – OBXECTIVOS E POLÍTICAS DE XESTIÓN DO RISCO FINANCEIRO

A ausencia de débeda no pasivo ou de activos financeiros non comerciais no activo, determina que non existan incertezas relacionadas co risco financeiro, e non se prevén dificultades de tesourería significativas na medida na que a Sociedade se axuste aos orzamentos aprobados pola Comunidade Autónoma. As variacións de pasivos financeiros non previstas nos orzamentos da compañía para o exercicio 2021, de acordo coa vixente lexislación, deberán, no seu caso, ser previamente autorizadas pola Consellería de Economía e Facenda, ou o Consello da Xunta.

VII – EXPOSICIÓN DA SOCIEDADE Ó RISCO DE LIQUIDEZ, RISCO DE CRÉDITOS, RISCO DE MERCADO E RISCO DE CAMBIO

O risco de liquidez ó que se atopa exposto a sociedade é reducido, debido a que o principal ingreso da sociedade correspóndense coas subvencións de explotación a percibir da Axencia de Turismo de Galicia, dependente da Xunta de Galicia, sen embargo para o exercicio 2021, se ben os orzamentos da entidade xa foron aprobados a data de formulación destas contas anuais, a xestión da crise sanitaria do Covid-19 pode xerar algún tipo de desaxuste no período de pago a provedores, polo que, é posible que xurdan tensións de tesourería no curto prazo derivadas principalmente da perda de ingresos propios, polo peche dos albergues mentres duren as limitacións e restricións con motivo da contención da crisis sanitaria, estimándose poder facer fronte as mesmas, dado que a sociedade dispón de efectivo dispoñible ao peche do exercicio, por importe de 850.333,27 euros.

En canto ao risco de crédito, a sociedade analiza o risco de crédito de cada debedor de maneira individualizada, reflectindo as oportunas deterioracións de valor para aqueles que se consideran de dubidoso cobro. Isto realízase en base á mellor información da que se dispón en cada momento, e revisase periodicamente por se se modificaron as condicións iniciais.

O risco do mercado no que opera a sociedade non é especialmente elevado.

Con respecto ao risco de interese, este non existe ó non dispor a sociedade de débedas con entidades de crédito.

Exposición ao risco de prezo: A sociedade non se atopa afectada especialmente o risco de prezo debido a que non opera nun mercado excesivamente volátil.





A sociedade non se atopa afectada o risco de cambio ao non efectuar operacións en moeda distinta do euro.

Durante o exercicio 2020 a Sociedade non realizou operación ningunha con instrumentos derivados financeiros.

FORMULACIÓN DE CONTAS ANUAIS

FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2020, DO INFORME DE XESTIÓN ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.

En Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2021, formulan as presentes contas anuais da Sociedade referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2020, o Informe de Xestión así como a proposta de aplicación do resultado, os membros do Consello de Administración que a continuación se relacionan:

 Don Alfonso Rueda Valenzuela DNI: 35.308.822-G	 Dona María Nava Castro Dominguez DN: I34.871.339-G
 Don José María Barreiro Díaz DNI:32.776.659-A	 Don Emilio José de la Iglesia Lema DNI:44.821.794-S
 Don Silvestre José Balseiros Guinarte DNI: 76.809.645-H	 D. Alberto Fuentes Losada DNI: 36.107.980-G
 Don Marcos Gómez Román DNI: 33336794L	 Don Anxo Manuel Lorenzo Suárez DNI:36061608T
 Dona Cecilia Perelra Marimón DNI: 34952715Y	 D. Manuel Pillado Quintáns DNI: 32779111V



**"INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN
AUDITOR INDEPENDIENTE"**

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, (Accionista Único de *S.A. de Xestión do Plan Xacobeo*). Encargado polo *Presidente do Consello de Administración*:

I. Opinión _____

Auditamos as *contas anuais* adxuntas de *S.A. de Xestión do Plan Xacobeo (a Sociedade)*, que comprenden o *balance a 31 de decembro de 2020, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria* correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, as *contas anuais* adxuntas *expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio terminado na devandita data*, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota II.1 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

II. Fundamento da opinión _____

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor* en relación coa auditoría das *contas anuais* do noso informe.

Somos independentes *da Sociedade* de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das *contas anuais* en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos de auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen a necesaria independencia de modo que se vira comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.



III. Parágrafo de énfase

III.I. Chamamos a atención sobre a información onde se describen os efectos, as medidas e outros acontecementos relacionados coa situación excepcional debido ao estado de alarma causado polo *coronavirus Covid-19* nas notas da *Memoria: "II.1) Imaxe fiel", "II.4) Principio da empresa en funcionamento"* e *"XVII. Acontecementos posteriores ó peche do exercicio"*.

Esta cuestión non cambia a nosa opinión.

IV. Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das *contas anuais* do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das *contas anuais* no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

IV.I. Recoñecemento dos ingresos (ingresos por albergues)

Descrición

A *sociedade* ten como un dos seus obxectivos principais a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues para o que se lle atribúen unha serie de funcións que se indican na Nota I da Memoria adxunta. Pola realización destas funcións, recíbense, principalmente, ingresos por venda de bonos de albergues. O adecuado rexistro contable dos ingresos é unha área significativa e susceptible de incorrección material, o que require unha *análise pormenorizada e individualizada* de cada un deles.

Tal como detállase na conta de perdas e ganancias adxunta, ao *31 de decembro de 2020*, a *sociedade* ten rexistrado baixo o epígrafe de *"1. b) Prestación de servizos"* ingresos por importe de *191.465,47 euros (1.713.757 euros no exercicio 2019)*. O adecuado control das operacións de cobro de bonos de albergues é fundamental para garantir que as mesmas se rexistren na súa totalidade, no período e polo importe correcto, risco de seu, inherente a estas transaccións.



Procedementos aplicados na auditoría

Os nosos principais procedementos de auditoría consistiron, entre outros, nos seguintes:

- Avaliación dos sistemas de control existentes sobre o proceso de recoñecemento de ingresos por venda de bonos de albergues.
- Realización de probas de cumprimento sobre o funcionamento dos controis anteriores a partir das estatísticas e información obtida do sistema informático soporte da xestión da [sociedade](#).
- Realización de probas globais baseadas na análise de variacións de actividade e marxes nas distintas áreas que compoñen a actividade da [sociedade](#), obtendo, no seu caso, respostas ás mesmas por parte da Dirección.
- Sobre unha mostra, realizamos procedementos de validación de cobro de facturas conforme aos contratos dos mesmos, realizando probas substantivas sobre cobros recibidos.
- Verificamos a correcta imputación dos ingresos no período correspondente, de acordo ao criterio de devengo.
- Avaliación de que a información revelada nas [contas anuais](#) cumpre cos requirimentos do marco normativo de información financeira aplicable.

V. Parágrafos doutras cuestións

As [contas anuais](#) da [Sociedade](#) correspondentes ao exercicio finalizado o **31 de decembro de 2019** foron auditadas por outro auditor que expresou unha [opinión favorable](#) sobre elas o **25 de xuño de 2020**.

VI. Outra información: informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o [informe de xestión do exercicio 2020](#), cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da [Sociedade](#) e non forma parte integrante das [contas anuais](#).



A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas anuais e sin incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Así mesmo, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de se o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2020 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.

VII. Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

VIII. Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e se



consideran materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman ba seándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas **contas anuais**, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia · de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dudas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas **contas anuais** ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.



Dirección: C/ Sagrados Corazones 11, planta 4º, letra C. CP: 28011 Madrid
Teléfono: +(34) 91 04 06 018, www.bsaudit.eu ; administracion@bsaudit.eu



- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das **contas anuais**, incluída a información revelada, e se as **contas anuais** representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das **contas anuais** do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar públicamente a cuestión.

En *Madrid*, a *14* de *mayo* de *2021*

BS Audit
Sociedad inscrita en el *R.O.A.C.* con el *nº S-2328*

Fdo: Dº: Óscar Sánchez Carmona
Socio *BS Audit*
Inscrito en el *R.O.A.C.* con el *nº 20.026*
C/ Sagrados Corazones 11, planta 4º letra C
28011 Madrid